

A presenza da gueada e da geada nos topónimos recollidos no *Diccionario nomenclator* de José de Villarroel (1810)¹

Xosé Manuel Sánchez Rei²

Recibido: 11 de maio de 2025 / Aceptado: 15 de novembro de 2025

Resumo. En 1810 José de Villarroel publica o seu *Diccionario nomenclator* cos nomes das principais entidades populacionais da Galiza da altura, baseándose na *Dirección General de Cartas en Forma de Diccionario* de Bernardo Espinault García (1775). Nunha época en que non existía unha variedade padrón para o galego e en que o español era considerado a referencia modelar para a representación dos topónimos, a obra dá conta de fenómenos lingüísticos dialectais e populares que aparecen representados nos elementos lematizados. Dous deles, a gueada e a geada, figuran nalgunhas toponimias, a ilustraren certa sorte de pronuncias locais e/ou estratuais aínda hoxe detectábeis no territorio. O presente contributo transita polo estado desas variantes fonéticas, constatando a súa presenza nos nomes de lugar do dicionario citado e das súas presumibéis equivalencias co estado actual da lingua.

Palabras chave: gueada; geada; lingua galega; José de Villarroel; toponimia; variantes dialectais.

[es] La presencia de la *gueada* y de la *geada* en los topónimos recogidos en el *Diccionario nomenclator* de José de Villarroel (1810)

Resumen. En 1810 José de Villarroel publica su *Diccionario nomenclator* con los nombres de las principales entidades de población de la Galicia de la época, basándose en la *Dirección General de Cartas en Forma de Diccionario* de Bernardo Espinault García (1775). En un tiempo en que no existía una variedad estándar para el gallego y en que el español era considerado la referencia modelar para la representación de los topónimos, la obra da cuenta de fenómenos lingüísticos dialectales y populares que aparecen representados en los elementos lematizados. Dos de ellos, la *gueada* y la *geada*, figuran en algunas toponimias, ilustrando cierta suerte de pronunciaciones locales y/o estratuales todavía hoy detectables en el territorio. La presente contribución transita por el estado de esas variantes fonéticas, constatando su presencia en los nombres de lugar del dicionario citado y de sus presumibles equivalencias con el estado actual de la lengua

Palabras clave: *gueada*; *geada*; lengua gallega; José de Villarroel; toponimia; variantes dialectales.

[en] The Presence of *Gueada* and *Geada* in the Place Names Featured in José de Villarroel's *Diccionario nomenclator* (1810)

Abstract. José de Villarroel's *Diccionario nomenclator* (1810) is a catalogue of names of the main sites and centres of population in Galicia at the start of the nineteenth century; one of his main models was the Bernardo Espinault García's *Dirección General de Cartas en Forma de Diccionario* (1775). Published prior to the standardisation of Galician, at a time when place names were transcribed according to Spanish orthographic conventions, the work reveals the presence of a number of popular, dialectal features of Galician among the items listed. Two of these, the voiced, back occlusive *gueada* and the normally voiceless, fricative *geada* phenomenon, are observed in some place names, reflecting local and/or structural forms of pronunciation still found in the language spoken in those areas today. This article examines

¹ O presente traballo foi elaborado no ámbito dos proxectos de investigación PID2022-137790NB-I00 e PID2024-159776OB-C41, financiados polo “Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades” do Estado español. O autor agradece as lecturas feitas por diversos colegas ás primeiras versións do texto, as cales conseguiron melloralo notabelmente. Tamén quere manifestar a súa gratitude aos profesores Manuel Ferreiro e Fernando González Muñoz (Universidade da Coruña) pola axuda na interpretación dalgúns étimos de certa dificultade e/ou pola información sobre fontes bibliográficas. Naturalmente, os erros e as imprecisións que aínda figuran nestas páxinas son unicamente atribuíbeis a quen o asina

² Universidade da Coruña. Departamento de Letras. Grupo ILLA.
Correo-e: sanrei@udc.gal / x.m.sanchez.rei@udc.es. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-0763-9793>.

the presence of these two apparent variants in the place names featured in Villarroel's *Diccionario nomenclator*, and their equivalent pronunciation and rendering today.

Keywords: *Gueada*; *Geada*; Galician; José de Villarroel; Place Names; Dialectal Variants.

Sumario. 1. Limiar. 1.1. O autor e a obra. 1.2. Obxectivos e metodoloxía. 2. A situación do galego nos primordios do século XIX. 2.1. Perspectivas xerais. 2.2. A situación do galego que se documenta nos topónimos do DN. 2.2.1. Adaptacións precarias. 2.2.2. Pronuncias oscilantes. 2.2.3. Casuísticas locais. 2.2.4. Solucións diverxentes. 2.2.5. Antes da vontade de fixación formal por parte do Estado. 3. A gueada e a geada no DN. 3.1. Nomes de lugar con presenza da oclusiva velar voceada. 3.1.1. *Arteigo*, *Arteigo*. 3.1.2. *Borragueiros*. 3.1.3. *Breygo*. 3.1.4. *Freigueiro*. 3.1.5. *Frigue*. 3.1.6. *Frogans*. 3.1.7. *Guances*. 3.1.8. *Guinzo de Limia*. 3.1.9. *Muguia*. 3.1.10. *Pangon*. 3.1.11. *Punguin*. 3.1.12. *Santa Euguia*. 3.1.13. *Seigas*. 3.1.14. *Siguirei*. 3.1.15. Outras posíbeis mostras de gueada. 3.2. Nomes de lugar con presenza da aspirada larínxal ou fricativa velar. 3.2.1. *Arnejo*. 3.2.2. *Berdiojas*. 3.2.3. *Caldeverjazos*. 3.2.4. *Cortejada*. 3.2.5. *Jaibor*. 3.2.6. *Joyán*. 3.2.7. *Joyanes*. 3.2.8. *Joiriz*. 3.2.9. *Regenja*. 3.2.10. *Tamajelos*. 3.2.11. Mostras dubidosas. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

Como citar: Sánchez Rei, Xosé Manuel (2025): “A presenza da gueada e da geada nos topónimos recollidos no *Diccionario nomenclator* de José de Villarroel (1810)”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 28, e107425, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.107425>.

Non ten volta que darlle:
sen gorxa non pode pronunciarse
a “j” nin a “g” fortes.
Castelao, *Un ollo de vidro*, 1922

1. Limiar

1.1. O autor e a obra

No mesmo ano en que José Fernández Neyra tiraba do prelo na Coruña *Proezas de Galicia*, texto dialóxico que narra episodios de violencia extrema advidos da denominada Guerra Peninsular ou Guerra da Independencia Española (1808-1814), o clérigo José de Villarroel Pérez de Baños (17??-18??) daba a lume en Compostela o *Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos, y prioratos de todo el reyno de Galicia. Con expresion de las provincias á*

que pertenecen, y caxas de correo por donde se dirige la correspondencia; á que se agrega una descripción geográfica e histórica del mismo reyno en general, y de todas sus ciudades, y pueblos principales en particular (doravante DN), un traballo a que, noutros formatos e para diferentes públicos, xa concedemos atención hai algún tempo (véxase Sánchez Rei 2017). A vontade do redactor, segundo as súas propias palabras, era conseguir “un conocimiento sencillo [...] de los Pueblos del Reyno de Galicia”, en proba da “gratitud” ao seu país de recepción (DN: VI)³.

As fontes e estímulos que animaron Villarroel para a elaboración do DN foron varios. Un responde ao exemplo do *Censo Español de 1783* e do *Nomenclator de los Pueblos de España*, segundo as súas declaracións, que non é outro do que o *Nomenclator ó Diccionario de las Ciudades, Villas, Lugares, Aldeas, Granjas, Cotos Redondos, Cortijos y Despoblados de España, y de sus Islas Adyacentes*, tamén coñecido como *Nomenclator de Floridablanca* por José Moñino y Redondo (1728-1808), I Conde de Floridablanca e Secretario do Estado (1777-1792), ser o seu principal promotor. No entanto, o texto máis representativo como base foi a obra intitulada *Dirección General de Cartas en Forma de Diccionario, para Escribir a todas las Ciudades, Villas, Aldéas, Monasterios, Conventos, Santuarios, Caserías, Ventas, Cortijos, Dehesas, sitios y parages...*, de Espinault García (1775). A relevancia deste traballo non pode ser acusada de menor, pois corresponde á fonte de que extraeu, dun modo practicamente literal, os nomes de lugar referidos ao territorio galego. Por iso, as características lingüísticas do modo en que as toponimias galaicas foron grafadas ou percibidas nese texto son case as mesmas que se rexistran no DN: fenómenos lingüísticos locais, falsas interpretacións ortográficas, barbarismos, pronuncias populares etc. aparecen na obra de Espinault García e deses dous volumes foron importados por Villarroel, de aí que, cando posíbel, fagamos tamén referencia a aquel traballo de forma a repararmos nas moitísimas coincidencias entre ambas as publicacións.

³ Sobre o autor sábese que xa fora responsábel pola *Oración fúnebre que en las solemnes exequias que celebró la Familia por su difunto el Illmo. y Exmo D. Felipe Antonio Fernández de Vallejo, Arzobispo y Señor de Santiago dijo Josef de Villarroel Pérez de Baños* na honra do toledano Felipe Antonio Fernández de Vallejo (1739-1800), arcebispo de Compostela, por petición expresa da familia do finado; cf. Villarroel 1801. Ao paso, hai constancia dun aparentemente outro Joseph de Villarroel, que deu a estampa na alborada do século XVIII a *Descripción de la magnífica fabrica del colegio de San Cayetano de la ciudad de Salamanca*; cf. Villarroel 1709.

Hai que notar que o propio Villarroel, porén, mostra honestidade intelectual ao sinalar que o referido *Diccionario* de Espinault García foi a cerna da súa obra, nunhas proporcións que talvez hoxe merecesen ser identificadas de plaxio. Ao paso, consciente de unha listaxe de nomes de lugar poder converterse nunha “lectura estéril y descarnada” (DN: VI), adiciona unha descrición xeográfica e histórica “del Reyno de Galicia” de maneira a tornar a consulta do libro “sino grata por lo menos soportable” (DN: VI). Partindo deste estado de cousas, o traballo, precedido dunha “Nota” onde se explica a información que recolle cada topónimo lematizado (p. II), principia cunha “Lista de los señores subscriptores á esta obra” (pp. III-IV), seguida dunha breve “Introducción” xustificatoria (pp. V-VI) e unha interesante e laudatoria “Descripcion geogra-fica-historica del Reyno de Galicia en general, y de todas sus Ciudades y Pueblos principales en particular” (pp. IX-LII)⁴, para concluír co núcleo do traballo, que é o “Diccionario no-menclator” (pp. 3-208).

Con todo, a pesar das declaracións de intencións que insistían no coñecemento exhaustivo das localidades galegas, tanto Bernardo Espinault García como José de Villarroel non perseguiron unha compilación completa de todas as entidades populacionais habitadas. Na relación exposta en DN, por tanto, todos os microtopónimos que fan referencia a casais, lugares ou aldeas pequenas non desfrutan de representatividade. Desde os tempos actuais, é costume falar dunha cifra de aproximadamente 38.500 nomes de lugar para núcleos populacionais que están ou que foron habitados (véxase a páxina de inicio de *Galicia Nomeada*, doravante GN), un número de certo abrumador, imposible de mostrar na súa totalidade en finais do século XVIII ou nos primordios da centuria seguinte polo escaso interese que despertaban eses pequenos sitios e mesmo polos medios técnicos existentes na época. Igualmente, a teor das características do DN, tampouco constan outras toponimias que costumaban documentarse en

obras de obxectivos diferentes, como é o caso do chamado *Catastro de Ensenada* (1749-1759), no cal, por causa das finalidades perseguidas, aparecen nomes referidos a camiños, cruceiros, fontes, marcos que delimitaban freguesías (árbores, pedras chantadas e/ou *chantos*, penas, correntes de auga) etc. E, polos obxectivos do DN, tamén non foron tidos en conta topónimos que designaban ríos e regatos, terras de cultivo e de labor ou vías de comunicación, frecuentes en documentos doutra natureza, os cales, uns 500.000 con aproximadamente 35 % do territorio analizado (cf. GN), son na actualidade motivo de estudo e de compilación.

Naquela época, a arquitectura administrativo-territorial e a distribución demográfica do *reyno* diferían notoriamente das actuais. Por unha parte, a Galiza, organizada durante a maior parte da Idade Moderna como máis un territorio fiscal da coroa de Castela e, a partir do século XVIII, cal “unha intendencia de España” (VVAA 1998: 262), estaba dividida en sete administracións provinciais coas súas respectivas capitais para o cobro de impostos, as transaccións económicas de certa relevancia e a administración de xustiza. As tales provincias, existentes desde os inicios do século XVII, eran Santiago, Tui, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Lugo e Ourense, cinco delas vinculadas a unha sé catedralicia; eses sete territorios foron os que empregaron José de Villarroel e outros autores, como o seu antecesor Bernardo Espinault García ou até Labrada (1804), para identificaren localidades ou elaboraren descrições do país⁵. Por súa vez, dentro de cada demarcación provincial existía unha diversa organización administrativa, en que –para alén dalgúns concellos urbanos, coutos e determinadas xurisdicións– salientaba a freguesía, outra das estruturas socioeconómicas fundamentais, herdada da lonxincua monarquía sueva (séculos V-VII). Por iso, a provincia e a freguesía representan as referencias demográficas e xeográficas para a estruturación do país que se utilizan no DN, tal e como se explicita na “Nota” xa comentada anteriormente.

⁴ As localidades que describe son, por orde de aparición, Santiago, A Coruña, Betanzos, Lugo, Ourense, Mondoñedo, Tui, Ferrol, Padrón, Pontevedra, Noia, Redondela, Baiona, Vigo, A Guarda, Ribadavia, Ribadeo, Monterrei, Monforte de Lemos, Viveiro, Xinzo de Limia e Allariz. O facto de incluír estas entidades e non outras que hoxe son capitais de comarca ou que contan cun peso económico e demográfico de certa relevancia (Arteixo, Arzúa, Carballo de Bergantiños, Cee, Lalín, Narón, Vilagarcía de Arousa etc.) serve para repararmos nas profundas transformacións que se produciron na estruturación populacional do territorio desde os inicios do século XIX até á actualidade.

⁵ A primeira imaxe cartográfica de que se ten noticia desa distribución coa explícita indicación das sete provincias corresponde ao *Mapa Geographico del Reyno de Galicia*, de Tomás López, publicado en 1784; cf. CG, lámina 40.

1.2. Obxectivos e metodoloxía

Conforme teremos ocasión de verificarmos máis adiante, a información lingüística que os topónimos do DN transmiten ofrece varias perspectivas de análise. Entre elas, sobresaen o estado dialectal da lingua no referente á atestación de formas locais, a detección de fenómenos fonéticos vinculados a pronuncias coloquiais ou populares, a influencia do español na recolla de datos con subsecuentes implicacións no modo de representar e de pronunciar os nomes ou, igualmente, as interpretacións nin sempre plausíbeis dun punto de vista actual a respecto da segmentación formal e/ou silábica das toponimias. Tendo en conta esta situación, as finalidades principais que tencionamos conseguir co presente contributo son encadrábeis nas seguintes formulacións:

- i. ofrecermos unha panorámica contextualizadora do estado do galego nos inicios do século XIX;
- ii. repararmos nas variantes locais que aparecen nos nomes de lugar do DN, singularmente naqueles exemplos con aparentes mostras do fenómeno da gheada;
- iii. na mesma liña, darmos conta dos casos en que se documentan topónimos con gheada ou gheada⁶;
- iv. e verificarmos, se posíbel, contrastando os inicios do século XIX co noso tempo, se se pode pensar que se produciu unha alteración da distribución da gheada no territorio, polo menos no tocante á casuística dos nomes de lugar en que aparece presumiblemente representada.

Para a consecución de tales metas, empregamos preferencialmente os datos que figuran no DN, confrontándoos con materiais procedentes doutras publicacións, quer anteriores ou contemporáneas a respecto da obra de Villarroel, quer pertencentes a traballos da nosa época. Combinamos, por tanto, o manexo de textos orixinais redixidos durante a Idade Moderna co uso de ferramentas informáticas actuais capaces de contribuíren para a atestación de topónimos e para a constatación de fenómenos lingüísticos. Por último, sempre que tivemos oportunidade, acudimos ás fontes medievais latinas e galego-portuguesas (CODOLGA, DELP, HGP,

ITGM etc.) de maneira a verificarmos os primeiros rexistros deses nomes de lugar e corroborarmos documentalmente as formas gráficas e fónicas con que os topónimos aparecían na altura.

2. A situación do galego nos primordios do século XIX

2.1. Perspectivas xerais

Congruentemente co que acabamos de sinalar, parece pertinente desenvolvermos unha breve aproximación ao contexto sociolingüístico da Galiza nos inicios da Idade Contemporánea. Así, en coherencia con Barreiro Fernández (2012: 22), en finais do século XVIII o país espellaba unha “sociedade estancada [...] ou escasamente evolucionada, densamente codificada por leis, usos e costumes” que marcaban unha robusta aliaxe entre os sectores eclesiásticos e os organismos de poder da monarquía absoluta, perseguindo, tanto os primeiros como os segundos, que nada se transformase. Do punto de vista da demografía, no momento de José de Villarroel compor a súa obra, a poboación do país andaba á volta de “un millón y quatrocientas mil almas”, de acordo cos datos que figuran en Labrada (1804: 11). Esta cifra quizais deba ser contrastada cunha outra algo inferior, isto é, cun total de 1.345.630 habitantes seguindo o *Censo de la población de España de el año de 1797 executado por orden del rey en el de 1801*, tamén chamado o *Censo de Godoy*. Tal número, produto da eclosión demográfica que tivo lugar durante o século XVIII en parte como consecuencia do cultivo da pataca e do millo mormente nas rexións atlánticas, viña equivalendo a 10,8 % do total do Estado español (VVAA 1998: 273), de aí que non se torne estraño que o mesmo Villarroel subliñase a alta densidade habitacional xa desde as primeiras páxinas do libro: “Galicia es la Provincia mas grande y poblada de España, y las mas boreal y occidental de toda la Península” (DN: IX).

Naturalmente, esas condicións demográficas tiñan as súas subsecuentes correlacións na vitalidade do idioma. Por iso, sabermos con relativa verosimillanza cantas persoas dese conxunto de habitantes se exprimían na altura en galego de maneira monolingüe parece unha pregunta non difícil de responder de modo

⁶ Para a representación deste fenómeno fonético tamén conta con uso o dígrafo <gh>, que suxire máis facilmente unha pronuncia aspirada en vez da velar. Cf. Mariño Paz 1995: 30-37, Fernández Rei 2003: 53-54, 163-189, 2004, Freixeiro Mato 2006, I: 142-158, Boullón Agrelo 2012 etc.

aproximado. A tal propósito, o número global debía de ser ben alto, especialmente caso tivésemos en conta as proporcións que se barallan para os anos finais do século XIX expostas na literatura académica: Hermida (1992: 9), a se basear no altísimo “índice de ruralidade da época”, tamén ponderado despois por Barreiro Fernández (2012: 23) —que foi o contexto social en que se deu conservado a lingua—, sinala que o uso do galego “nunca sería inferior ó 90%”; a esta referencia, segundo a autora, tamén habería que acrecentar as percentaxes de utilización do medio urbano, non recollidas “na cifra anterior”. García Turnes (1999: 800), por súa vez, sinala que a suma das persoas monolingües en galego coas que empregaban máis esta lingua que o español favorece pensarmos en 95,8% en 1877 e en 89,2% no ano 1917. Outra opinión que incide nesa grande masa de utentes é a de Suárez Vázquez (2012: 388), que remarca que a maioría da población da Galiza nos principios da Idade Contemporánea “era monolingüe en galego”, subliñando que nas “maioritarias camadas populares de campesiños, artesáns e mariñeiros o uso do castelán non era posible”, entre outros motivos polos baixos índices de escolaridade, un ámbito de exclusivo dominio do español. E esa grande vitalidade da lingua, finalmente, é posta en destaque no traballo de Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei (2005: 57), estudo que encontra no alto número de falantes unha das causas (socio)lingüísticas para a reemerxencia do galego como lingua literaria e como bandeira no “movemento de defensa e dignificación” do idioma e do país no século XIX, comunmente coñecido como Rexurdimento.

Porén, moito embora fose vehículo de expresión indubitablemente maioritario na oralidade, a súa consideración social ben moito

distaba dunha valorización harmónica co seu alto grao de utilización. En finais do século XVIII, e durante boa parte da seguinte centuria, o galego foi con frecuencia considerado un dialecto rústico ou variedade corrupta do español (Peres Vigo 2023: 164), ás veces vernizado con algúns trazos gramaticais e lexicais de carácter conservador e con certa sombra de influencia portuguesa⁷, preconcepto que encontrou en Sarmiento (1695-1772) un dos seus máis firmes opositores. En harmonía co sentir daqueles anos, o propio Villarreal non hesitou en apoiar esa percepción, referíndose ao idioma do modo seguinte, talvez louvando exaxeradamente as capacidades das clases mellor acomodadas para se exprimiren en castelán con certa dignidade: “La lengua que habla el vulgo es casi la castellana antigua del tiempo del Rey D. Alonso el Sabio, siguiendo el uso de las partidas, y simbolizando en mucho con los portugueses sus vecinos; los nobles hablan tan bien como en Castilla” (DN: XVIII).

Nesa baixa reputación do galego, as ideas preconceptuosas herdadas do século XVIII que acentuaban unha tan acusada canto inexistente fragmentación da lingua deberon de ter un relevante protagonismo. Son asaz coñecidas as palabras do citado Sarmiento, que, a pesar de se erixir nun dos primeiros e máis ilustres bandeirantes da causa do idioma e nun dos precursores da lingüística galega e até da románica, abrazaba de grado a elaboración dun dicionario co pretexto de esta obra virar valiosa para a intercomprensión entre falantes de diferentes rexións:

muchas voces y frases gallegas que se usan v.g., hacia el cabo de Ortegá no se entienden hacia el cabo Finisterre; ni al contrario, sólo por ese vocabulario se podrán entender. Lo

⁷ Outra declaración nesta liña é a debida a Paula Mellado (1999: 5), que, no ecuador do século XIX, afirmaba con rotundidade que o galego “es el castellano antiguo, mezclado con algunas frases portuguesas y latinas”, a pesar de tamén deixar constancia de que lle parecía “en extremo dulce y cariñoso, sobre todo en la boca de una mujer”. A respecto destas consideracións sobre a entidade lingüística do idioma, cabe lembrarmos que se coñeceron identificacións mesmo do portugués como variedade do español. Na presumibelmente anónima *Gramática de la lengua vulgar de España*, publicada en Lovaina no ano 1559, o autor distingue catro linguas empregadas na península ibérica, isto é, éuscaro, catalán, árabe e castelán: “El quarto lenguaje, es aquel, que io nuevamente llamo, Lengua Vulgar de España, porque se habla, i entiende en toda ella generalmente, i en particular tiene su asiento en los reinos de Aragón, Murcia, Andaluzia, Castilla la nueva, i vieja, León, i Portugal: aunque la lengua portuguesa tiene tantas, i tales variedades en algunas palabras, i pronunciaciones, que bien se puede llamar lengua de por sí: toda vía no es apartada totalmente de aquella que io llamo vulgar, antes son vna mesma cosa, mamaron de vna mesma fuente, tienen en todo, i por todo vna mesma descendencia, saluo que la Portuguesa se parece algo más con la madre de entrambas, la lengua latina”; cf. García Dini 2006: 159-162. Ao paso, tamén non faltaron opinións que, sen entraren a valorizar a condición e filiación (socio)lingüística do galego, marcaban a identidade da lingua nas dúas marxes miñotas: segundo consta na edición de García Blanco-Cicerón (2006: 284), o escritor Alexander Jardine (1736-1799) afirmaba en 1778 que “hay un gran parecido entre los portugueses y este pueblo [a Galiza] en figura, costumbres, nombres y lengua”.

mismo respectivamente en tierra de Limia, de Valdeorras, montañas de Lugo, Tuy, Orense, Santiago, Betanzos, etc. (en Pensado 1974: 38)

Non se erixen en menos referidas as impresións de Sobreira (1746-1805), quen, non deixando, no entanto, de recoñecer unha fundamental unidade lingüística territorial para a Galiza, se manifestaba nuns termos condicentes co expresado polo ilustre relixioso do Berzo:

Pero es tan diferente la situación de nuestras poblaciones que, por ésta, no menos que por otras causas físicas y morales, nos diferenciamos de legua a legua, así en el tonillo como en el acento, y en el valor de las letras, y en la propiedad de los vocablos [...]. Realmente, no nos entendemos muchas veces, aunque todos hablemos en buen gallego. (en Pensado 1974: 210)

A partir de impresións como estas, a idea dunha notábel dialectalización do galego foi afianzándose durante todo o século XIX. No antecitado estudo de Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei (2005: 629-635) figuran excertos de Mariano Cubí Soler, Joaquín de Arévalo, Juan Cuveiro Piñol, Andrés Martínez Salazar, Roque Grilo etc., nos cales, con distintas finalidades e con intensidades tamén diferentes, a existencia de variantes locais termina por ser magnificada cunha potente megafonía. Talvez unha das manifestacións máis temperás dese século, a se centrar en diferenzas dialectais, proveña da referida obra *Proezas de Galicia*, en que o autor, nunha sorte de *captatio benevolentiae*, xustifica determinadas escollas vocabulares en prol dunha maior comprensión do texto; así, na “Advertencia” prologal de Fernández Neyra (1810: 4), tamén singularizada en Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei (2005: 633), explícase que a

diversidad que se observa en la pronunciación y significación de términos en cada una de las siete provincias del Reyno de Galicia, me ha precisado omitir muchos, que ciertamente no se entenderían, y sólo me valí de aquellos mas claros aunque del país, á fin de con la mayor facilidad puedan todos comprender su lectura.

Loxicamente, e sen chegar á situación de provocar dificultades na comprensión entre falantes, o

DN, conforme foi comentado máis acima (véxase 1.1), ilustra certas duplicidades xeolingüísticas de índole nomeadamente fonética (*Arnego e Arnejo*, p. 17, véxase *infra.*; *Gomarís e Gomariz*, p. 82; etc.) ou morfolóxica (*Condíns a par de Condís*, p. 56; *Feáns e Feás*, p. 71; etc.). En xeral, esas posibilidades no DN, con todo o tipo de matizacións, exemplifican algúns fenómenos dialectais propios do galego de finais do século XVIII e inicios da seguinte centuria, coas consabidas equivalencias na nosa época. Neste sentido, temos de sinalar que correspondeu aos ilustrados dezaoitescos principiaren, aínda que rudimentarmente, a reflexión científica sobre o idioma, tamén no ámbito da variación lingüística territorial. Mariño Paz (1996), pondo en valor a información que proporcionan os escritos de Sarmiento e de Sobreira, fai sobresaír este último ao ter o acerto de intuír cinco áreas dialectais, cada unha nucleada á volta dunha diocese que tamén era capital de provincia (véxase 1.1). Precisamente, a constatación actual de rexións ou áreas individualizadas xeolingüisticamente que coinciden *grosso modo* coas antigas demarcacións provinciais da Galiza favorece repararmos, en primeiro lugar, na relevancia económica e sociolóxica que debeu de caracterizar esa articulación demográfica en sete territorios; e, en segundo lugar, na mesma liña, tamén nos fai pensarmos na transcendencia do que en Chambers e Trudgill (1994: 158-161) se denomina “correlaciones culturales de las isoglosas” e en como estas correspondencias permiten entrever, con relativa facilidade, realidades culturais, socioeconómicas, históricas ou políticas doutros tempos: “podemos considerar las isoglosas como un aspecto de la cultura local de la región que delimitan, en cuanto a que un habla regional distintiva contribuye a crear un sentido de comunidad”; eses especialistas observan “que las isoglosas se corresponden bastante fielmente con algún otro aspecto de la cultura local”, as cales acrecentan “una dimensión lingüística a la historia social de esa región”. Como quer que sexa, as informacións gramaticais e lexicais de Sarmiento⁸ e Sobreira, sabido que as liñas isoglosas son inestábeis e que están suxeitas a alteracións cronolingüísticas, xa facilitan vermos que algúns dos datos resultan ser, con

⁸ A respecto da intuición dialectal de Sarmiento, temos de sinalar que coñecía razoabelmente ben o galego do Berzo e o de Pontevedra, para alén de reparar na oralidade que ía encontrando durante as súas viaxes pola Galiza. Sen vontade de reiterarmos informacións contidas noutros traballos, non nos resistimos a expor nestas páxinas as súas impresións sobre os descendentes das terminacións latinas -ANU e -ANA, onde se pode apreciar o seu alto grao de validez: “La voz *chan* ya queda explicada pero añadiré aquí algo más para evitar equivocaciones (...). Es regla

todas as cautelas necesarias, bastante veraces se confrontados coa realidade dialectal do noso tempo e obviamente coa presumíbel situación de finais do século XVIII e inicios do seguinte⁹.

Por outra parte, do punto de vista literario, o galego, nos territorios da Galiza, deixara de ser usado desde os inicios do século XVI tanto en obras con vontade artística como en textos de natureza máis adusta, cal a prosa notarial e tabeliónica. De aí proveñen as palabras do escritor español Lope de Vega (1562-1635) cando se refería ao país como unha terra “nunca fértil en poetas”, tamén encadradas nunha perspectiva preconceptuosa sobre a nación e os seus habitantes (cf. Peres Vigo 2023; 2024). Por iso, non parece raro que os restos do seu uso ou a lembranza del puidesen causar certa estrañeza ou asombro, conforme se desprende dos comentarios do cronista cordobés Ambrosio de Morales (1513-1591), quen, no ano 1572, chamaba a atención, non sen un presumíbel ton de parodia, sobre o emprego da lingua en epitafios da época medieval, cando o idioma gozaba de normalidade: “Debian ser los Gallegos de aquel tiempo amigos de tales Coplas, y consonantes”¹⁰ (en Flórez 1765: 156).

Xa no tocante ao mundo escolar e investigador, a lingua estaba ausente de calquera nivel de ensino e tamén ficaba á marxe de toda

a especulación científica nas academias e nas salas da Universidade de Santiago de Compostela, a única institución desta índole existente naquel tempo. Temos de nos referir á incontornábel excepción dos traballos que representan o empeño dos ilustrados galegos Sarmiento e Sobreira, mais tamén debemos ter moito en conta as circunstancias que envolveron a súa nula ou escasa proxección social: algúns textos do primeiro autor circulaban polas mans duns poucos eruditos en copias manuscritas realizadas no século XIX (cf. Sánchez Rei 2025), mais o certo é que a súa *Colección de voces y frases gallegas*, por exemplo, redixida entre 1746 e 1777, só conseguiría ver a luz a partir da edición de José Luís Pensado de 1970 (cf. Pensado 1997a). Por seu turno, o *Vocabulario Gallego-Castellano* de Vicente Paizal, posibelmente composto nos anos finais do século XVIII ou nos inicios do seguinte segundo Ferreiro (1994: 58), ficou, cal a maior parte dos orixinais de Sarmiento, inédito até á exhumación e estudo do antecitado catedrático da UDC. Sobre outros traballos, no entanto, a situación aínda se torna máis complicada ou neboenta, polo menos até onde existe coñecemento na actualidade. A este respecto, tense certa constancia de varios estudos se perderen ou se extraviaren: ese parece ser o caso da *Disertación sobre el Origen de la Lengua*

general que todos los gallegos mudan las letras PL en CH. Hay otra regla, que los gallegos pierden algunas consonantes cuando están entre dos vocales, y en especial dos líquidas N. L. (...). Así de *chano, chana* (por *llano, llana*) en tierra de Lugo, y casi tierra adentro, dicen *chào, chàa* (o *châ*) perdida la N, v. g.: *a terra chàa : as terras chaas; os chàos, o chào* de tal parte. Por ser aquella pronunciación *chao* desabrida, y parecida al ‘*chau chau chao*’ de los gorriones, en ese género de voces no pierden la N los de Pontevedra, ni los de la marina, sino la última vocal; así dicen *chan* y *chans* en el plural; y cuando es femenino entonces pierden la N, v. g.: *chàa* y *châ* y *chàas* y *châs* en el plural. Lo mismo sucede con la voz ‘mano’ que en la marina se dice *màn* y *mans*, y tierra adentro *mào* y *màos*, y tal vez se oyen *mau* y *maus* en plural”. Cf. Pensado 1997a: 197.

⁹ Recóllense a seguir algúns fenómenos detectados polos dous relixiosos a partir do exposto en Sánchez Rei 2011: 318-320, moitos dos cales continúan hoxe a ser recorrentes como variábeis de diferenciación lingüística territorial, xa desde a primeira vez que se articulou unha proposta de sinalar as modalidades de galego por parte de Saco Arce (1868: 231-234): (i) resultados dos grupos latinos -ōrī- e -ōrī- (*vasoura, vasoira, vasuira*); (ii) alternancia dos ditongos [aw], [ow], [oj] (*outro, outro; poutega, poitega*); (iii) resultados de antigas vogais nasais (*gando, gado*); (iv) epéntese de [o], [w], [j] ou [β] antihiáticos (*a o-auga, a i-auga, a b-auga*); (v) ausencia / presenza de /θ/; (vi) resultados de -ANU, -ANA (*chan, chao, chau; chan, cha*) (vii) resultados de -ENES (*bens, bes*) e de -ONES (*abellóns, abellós, abellois*); (viii); resultados de -ONU (*bon, bo*); (ix) plurais das palabras acabadas en -l (*animás, animais, animales*); (x) resultados de -TATE (*metade, metae, metai, metá*); (xi) rotacismo (*as dúas → ar dúas*); (xii) apócopes de -e na terminación en -ense (*Ourense, Ouréns*); (xiii) pronome persoal suxeito de P3 (*el, il*) e demostrativos (*este, iste; ese, ise; aquel, aquil*); (xiv) VR para a P2 do imperativo dos verbos da CII que teñen VR /ε/ no presente do indicativo e /e/ ou /i/ no imperativo (*el b[’ε]be, b[’e]be ti / b[’i]be ti*); (xv) VT para a P2 do pretérito do indicativo dos verbos da CII (*perdechés, perdichés*); (xvi) VT para a P3 do pretérito do indicativo da CII e da CIII (*comeu, comiu; parteu, partiu*); (xvii) MNP -n para a P1 dos pretéritos e dos futuros do indicativo e do presente de *haber* e *saber* (*canté(i)n, cantaré(i)n, he(i)n, se(i)n*) (xviii) MNP -o, -u para P3 do pretérito do indicativo dos verbos da CII e CIII (*colleo, colleu; partío, partiu*); etc.

¹⁰ Eis os textos que reproduce Morales publicados por Flórez 1765: 156: “Era MCCCLXII. Aquí jaz Feijoo Escudeiro / Bon fidalgo è verdadeiro / Gran Cazador è Monteiro.”; “Aquí jaz Vasco Fernandez de Temez, pequenno do corpo, è grand-/de de esforzo. Boo de rogar è mao de forzar”. Con algunha variante gráfica, o segundo destes epitafios tamén foi recollido por Villarroel DN: LI, aínda que sen a intención paródica do cronista cordobés.

Gallega, atribuída a José Labrada e cuxa lembranza consegue chegar até nós lateralmente grazas á información que Sobreira brinda (Suárez Vázquez 2012: 410).

Finalmente, se as linguas xenética e/ou xeograficamente próximas (español, francés, inglés, italiano etc.) xa contaban con gramáticas e con obras lexicográficas desde os séculos XV e XVI como consecuencia do novo contexto sociocultural e político da altura, no caso da Galiza a publicación de monografías equivalentes enredaría varios séculos en ser unha realidade (cf. Sánchez Rei 2005). As primeiras obras merecedoras de nota son o *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez, dado a lume en 1863, e a *Gramática gallega* de Saco Arce, aparecida en 1868, isto é, ambas saídas do prelo cunha demora de máis de trescentos anos relativamente a outras linguas e culturas europeas. Nestes termos, quizais se non deba secundarizar tal situación de precariedade académico-investigadora para podermos formular a seguinte idea: se desde moito atrás se contase con traballos especializados e se estes tivesen un grao de divulgación social notábel, polo menos en determinados ámbitos eruditos e administrativo-institucionais, talvez as persoas redactoras de nomenclátors e de listaxes de topónimos non incorresen en barbarismos e hibridacións lingüísticas como as que se recollen en textos da Idade Moderna e Contemporánea.

2.2. A situación do galego que se documenta nos topónimos do DN

Se na epígrafe anterior se fixo unha panorámica global sobre como se achaba a lingua, tamén se pode constatar parcialmente esa perspectiva a través dos elementos incluídos no DN, xa que as lematizacións alí recollidas serven para reflectiren de maneira bastante verosímil o estado (socio)lingüístico do galego, nuns termos moito similares, segundo xa foi indicado máis acima (véxase 1.1) aos nomes compilados uns anos antes por Espinault Garcia (1775).

2.2.1. Adaptacións precarias

Así, en primeiro lugar, dada a baixa consideración do idioma, pensábase que o español debía ser o vehículo para reproducir os nomes de

lugar. Isto tivo como consecuencia que, de maneira aleatoria, se incorrese en variantes precariamente adaptadas ou malinterpretadas: *Castro de La Aza* (p. 48) por *Castro de Laza*; *La Lin* (p. 93), *Outeiro de la Lin* (p. 129) ou *Torre de la Lin* (p. 184), en vez de *Lalín*, *Outeiro de Lalín* ou *Torre de Lalín*; *La Mama* (p. 93) por *Lamamá*; *Montados* e *Montaos* (p. 115), *Rebordechado de Cabo de Arnosa* (p. 152) en lugar de *Rebordecho de Cabo de Arnosa*; *Santa Maria de Cumbrados* a par de *San Julian de Cumbrados* (p. 61)¹¹; *Valdomado* (p. 188) ou *Valledomao* (p. 190), en vez de *Valdomao*; etc.

Outrosí, a presión do castelán trouxo consigo a documentación de toponimias falsamente traducidas ou hibridizadas, cal é o caso de *Cavalleiros* (p. 49) por *Cabaleiros*; *Fuen-Sagrada* (p. 78) en lugar de *Fonsagrada*; *Nugueira* (p. 124) en vez de *Nugueira* ou *Nogueira*; *Puerto del Son* (p. 148) en lugar de *Porto do Son*; *Santa Marta de Ortiguera* (p. 123) en vez de *Santa Marta de Ortigueira*; etc. Ao mesmo tempo, o descoñecemento do galego e a sombra da única lingua oficial naquela altura levaron á atestación de caprichosas variantes ortográficas e/ou fonéticas que hoxe se tornan totalmente sorprendentes: *Acruz* e *Afraga* (p. 5), *Alage* (p. 7), *Asfarrapa* (p. 18), *Arrochela* e *Arribeira* (DN: 17), *Don-Albay* (p. 64), *Calibre* a carón de *Callobre* (p. 37), *Hoya* (p. 87), *Lama-Darcos* (p. 93), *Monte-Derramo* (p. 115), *Omato* e *Opico* (p. 126), *O-Campo* e *O-Castro* (p. 125), *Osbaos* e *Oscarris* (p. 123), *Parde-Rubias* (p. 134), *Parada-Bella* (p. 133), *Piedra-Ita* (p. 140), *Pontes-Deume* (p. 143), *Prado-Domiño* (p. 145), *Puente-Dambia* (p. 147), *Trasdo-Pazo de la Barra* (p. 184), *Valde-Ferreiros* e *Valdo-Bolo* (p. 188), *Villa-Amor* (p. 196) etc.

2.2.2. Pronuncias oscilantes

En segundo lugar, quen se dedica hoxe en día á compilación e fixación lingüística de nomes de lugar sabe dos non poucos problemas que ese proceso trae consigo, singularmente no caso dos microtopónimos. En ocasións, fontes documentais doutros tempos poden ocorrer a par de informacións orais para un topónimo se estabilizar nunha forma oficial e para se así integrar nos nomenclátors legais. No entanto,

¹¹ Debemos notar que estas falsas correspondencias entre o gal. *-aos* (< *-ãos* < *-ANOS*) e o esp. *-ados*, aínda que puntuais, quizais non fosen tan esporádicas como podería parecer: nun dos exemplares do *Boletín Eclesiástico del Arzobispado de Santiago de Compostela* de 1894, que chegou a nós grazas a unha cesión familiar, pode lerse na capa, escrito á man, o nome barbarizado da freguesía a que foi remitido, isto é, “San Julián de Cumbrados”.

nuns tempos en que non existían os recursos da actualidade nin unha vontade de recuperar as variantes fonéticas ou morfolóxicas máis recomendábeis para seren fixadas nin tampouco unhas prescricións académicas para ordenaren todos eses materiais, a ferramenta da oralidade parece ter sido nobilitada con relativo exaxero. As circunstancias históricas e sociais do galego son as que explican formas hoxe razoabelmente epigrafadas de populares ou coloquiais que se detectan en textos dos séculos XVI-XIX, de cuxas variantes non foi Villarroel o seu único promotor, xa que noutros traballos previos se poden documentar equivalentes ou idénticas analoxías: indicios dunha talvez excesiva sacralización da oralidade tamén se len en obras como as *Memorias Delas Yglesias del Arçobispado de Sanctiago* de Jerónimo del Hoyo (MAS), redixidas en 1607, en cuxas páxinas asistimos a atestacións que reflicten duplicidades e hesitacións de pronuncia: *Alviña* (MAS: 236, r.) en vez de *Elviña*, *Carnoedo* (p. 259 r.) a par de *Carnuedo* (p. 263), *Celtegós* (p. 307, 326) en lugar de *Céltigos*, *Cunbraos* (p. 398, r.) e *Cumbraos* (p. 402) xunto a *Conbraos* e *Combraos* (pp. 366 e 391), *Curtes* (pp. 402 r., 403, 403 r.) en vez do moderno *Curtis*, *Nugueira* (p. 401, r.) por *Nogueira*, *Truitusende* (p. 331) e *Truitosende* (p. 333) etc. O propio padre Sarmiento recolleu na súa obra *Viaje a Galicia* rexistros como “*Albiña* o *Elbiña*”, “*Buduedo* o *Biduedo*”, “*Buedo*”, “*Cándoas*”, “*Curcubión*”, “*Corrovedo*” e “*Curravedo*”, “*do Gobre*, o *do Grobe*”, “*Harvedosas*, o *Hervedosas*”, “*Mogía*, *Muxía* o *Moxía*”, “ *río Narla* o *Narle*”, “*Pirillo*”, “*Rotelán*, *Ruitelán*, *Rotolán*”, “*Sárbora* o *Sálbora*”, “*Surrizo*” e “*Sorrizo*” (en Pensado 1997b: 49, 50, 51, 59, 60, 71, 73, 74, 78, 80, 84, 105 etc.). E unha obra contemporánea do DN como é o traballo de Lucas Labrada (1804) igualmente entronizou variantes fonéticas ou compilacións deficientes baseadas nas flutuacións da lingua oral, cal *Aguelada* (p. 215) en lugar de *Agualada*, *Don Alvar* (p. 220) en vez de *Donalbai*, *Navea* (p. 212) e *Navia* (218),

Nebueiro (p. 218) por *Neboeiro*, *Valdeorres* (p. 86, 91 etc.) en vez de *Valdeorras* ou até *Ynsoa* (p. 221) en lugar de *Insua*. Mesmo Paula Mellado (1999: 44) no ecuador do século XIX aínda grafaba formas como *Ciadama* (= *Acea de Ama*) ou *Iris* (= *Eiris*) para esas localidades da comarca da Coruña.

Por iso, en coherencia con estas prácticas, os nomes reunidos tanto no traballo de Espinault Garcia como a súa proxección case literal no DN posibilitan a atestación de pronuncias actualmente consideradas populares, en particular no que afecta as vogais átonas, caracterizadas no galego por unha maior inestabilidade tímbrica a respecto das tónicas: *Aurás* (p. 19) por *Ourás*, *Autariz* (p. 19) xunto a *Outariz* (p. 129), *Lausada* (p. 96) e *Lousada* (p. 103)¹², *Beade* (p. 25) a carón de *Biade* (p. 28), *Berducido* a par de *Berdocado* (p. 27), *Bertoa* (p. 27) e *Bertua* (p. 28), *Carboeiro* xunto a *Carbueiro* (p. 41), *Curtes* a par de *Curtis* (p. 62), *Coristanco* (p. 15) e *Cortiñán* (p. 58) ao lado de *Curistanco* e *Curtiñán* (p. 62), *Doade* (p. 84) e *Duade* (p. 65), *Espenuca* xunto a *Espinuca* (p. 69), *Faramontaos de Limia* ao lado de *Faramontaus* e *Faromontaos* (p. 71), *Liboreyro* (p. 98) a carón de *Leboreiro* (p. 97), *Lebosende* (p. 97) xunto a *Lobosende* (p. 100), *Lemiñon* (p. 97) a par de *Limeñon* (p. 99), *Lointra* (p. 101) por *Luíntra*, *Mercorin* e *Mercurin* (p. 111), *Moymenta* (p. 113) xunto a *Muementa* e *Muimenta* (p. 119), *Taboada* a rivalizar con *Tabuada* (p. 180), *Tauriñán* en Tui (p. 181) e *Touriñán* en Santiago (p. 185), *Teobre* ocorrendo con *Tiobre* (p. 182) etc. Ao paso, tamén hai constancia dalgunha mostra cuxo rexistro parece provir da dificultade para identificar determinadas secuencias fonéticas, como os ditongos decrecentes átonos formados por dúas vogais velares [ow], que aparecen ocasionalmente monotongados en [u] ou en [o]: *Loredo* en vez de *Louredo* (p. 101), *Uriz* por *Ouriz*, *Usa* por *Ousá*, *Uselle* en vez de *Ouselle*, *Uteiro* en lugar de *Outeiro* ou mesmo *Uteiros de Siaval* por *Outeiros de Siaval* (pp. 206-207) etc.

¹² Estes casos de aparente confusión entre <ou> e <au> parecen solicitar unhas palabras. Na lingua actual, a duplicidade entre os ditongos [aw] e [ow] coñece unha certa atestación ou distribución dialectal. A variante máis conservadora ([aw]), sobre todo se tónica, rexístrase nalgunhas áreas na oralidade ourensá, segundo o ALGa (1999, III: 72-73), e até chegou a ter relativa proxección literaria en formas como *autro* ou *laureiro* en autores como Curros Enríquez, Pérez Ballesteros, Ánxel Fole... Ao mesmo tempo, en documentación cartográfica dos séculos XVIII e XIX aparecen topónimos como *Auteiro* e *Laureiro*; tal acontece co mapa de Martín Zermeño de 1780 editado por González-Cebrián Tello (2022: 70-71), en que a aldea de *Loureiro*, actualmente pertencente ao concello da Coruña, figura grafada *Laureiro*. Igualmente, quen isto escribe lembra como no lugar de Cances, tamén integrado no concello herculino, era común hai uns anos ouvir topónimos da zona pronunciados como *Auteiro*, *Laureda* e *Laureiro*.

2.2.3. Casuísticas locais

En terceiro lugar, os topónimos do DN rexistran con relativa frecuencia fenómenos hoxe en día considerados dialectais ou locais na liña do sinalado máis acima (véxase 2.1). Nalgúns casos, esas variantes contan con expectábeis equivalencias territoriais na lingua da nosa época: *Airas* en Lugo e en Ourense (p. 6) e tamén *Eyras* noutras partes de Ourense (p. 66), *Castelans* na provincia de Tui xunto a *Castelaos* en Ourense (p. 45), *Chao de Castro* en Lugo e *Chau de Arcas* en Ourense (p. 52), *San Jian* en Santiago e *San Jiao* en “Lugo. caxa, Sarria” (p. 167), *Fontela* en Lugo e *Fontenla* na provincia de Tui (p. 75), *Meiraos* en Sarria (p. 110), *Pacios* en moitísimas atestacións da demarcación de Lugo (p. 131) e *Pazos* tamén con frecuentes rexistros noutros territorios (Santiago, Tui, Ourense etc.; p. 135), *Probaos* en Betanzos (p. 146), *Rairis* en Santiago e *Rairiz* en Lugo (p. 150) etc. Noutros casos, contrastivamente, parecen ilustrar trazos que hoxe non se conservan nas rexións en que os nomes foron colixidos, cal a presenza de seseo posnuclear na provincia de Mondoñedo, segundo se ve en *Romarís* a carón dun lucense *Romariz* (p. 161), ou até seseo prenuclear en áreas do interior do país, conforme se aprecia en *Santa María de Masaira* (p. 128) en Ourense ou *San Vicenso* e *Sereixa* en Lugo (pp. 170 e 172), fenómeno actualmente só atestábel nas zonas máis occidentais da costa atlántica galega (véxase ALGa 1999, III: 206-211, s.v. *veciño*, *dicir*, *voz*, *noz*, *cruz*; Fernández Rei 2003: 54-56, 189-215)¹³.

Otrosí, o temor a incorrer en formas que parecían variantes dialectais con seseo prenuclear tamén levou a determinadas hipercorreccións, como é o caso de *Astureces*, na provincia de Lugo, xunto a *Astureses*, na de Ourense (p. 19), ou a través das mostras de *Zarandón* (p.

207), *Zergude*, e *Zestayo* (p. 208) na demarcación provincial de Santiago, xunto a *Sarandón* (p. 170), *Sergude* ou *Sestayo* (p. 173) sen a consoante interdental, igualmente pertencentes á mesma administración. Tamén nesa provincia Villarroel rexistrou un *San Sebastián de Zerramo* (p. 208), identificado na actualidade coa freguesía *San Sebastián de Serramo*, en Vimianzo¹⁴, e a ría de *Aroza* (p. XIV) xunto a *San Julián de Arosa* (p. 17). Na administración territorial da Coruña compilou varios *Iñaz* (p. 89) consagrados a San Xurxo, San Xoán e Santa María, hoxe en día recollidos oficialmente como *Iñás*, a par dun *San Pedro de Noz* (p. 124), actualmente legalizado como *San Pedro de Nós*, e dunha “isla de Cisarga” (p. XXV), isto é, *Sisarga*. Prácticas e hesitacións fonéticas similares tamén están presentes noutros autores, como o Padre Sarmiento, quen recolleu nomes cal “río de Sárdama o Zárdama”, “Torre de Aroza”, “*Zarandones*” etc. (en Pensado 1997a: 60, 64, 107).

2.2.4. Solucións diverxentes

E en cuarto lugar, esas mesmas polimorfías locais dan conta de evolucións diverxentes a depender da zona. Así, dun étimo AUPELLANARIA recóllese un *Abelayra* no leste da provincia de Lugo, *Abeleyra* perto da capital da mesma provincia e *Abraira* na de Ourense (DN: 3-4; cf. Ferreiro 1997, II: 33; Navaza Blanco 2006: 19-21, 579); o nome colectivo AUPELLANETA orixinou *Abeleda* no interior e oriente do país e *Abelenda* noutros territorios (pp. 3-4; cf. Navaza Blanco 2006: 23); dun posíbel CARUALIETU xurdiu a segunda parte da frase preposicional de *San Miguel de Carvalledo* e *Santa María de Carvalledo* nas provincias de Santiago e Lugo, respectivamente, xunto aos lucenses *Santa María de Carvallido* e *San Sebastián de Carvallido* (p. 43); a base latina FILICARIA foi a orixe de varias entidades chamadas *Filgueira*

¹³ Máis supostos exemplos de seseo prenuclear ou total para o caso de topónimos de zonas en que hoxe non se rexistra parecen ser os de *Patansos* (‘Betanzos’) e *Sebrero* (‘Cebreiro’), así recollidos, respectivamente, polo sacerdote inglés Edward Clarke (1730-1786) e por John Adams (1735-1826), político este que chegaría a ser presidente dos Estados Unidos da América. Cf. Blanco García-Cicerón 2006: 216, 265.

¹⁴ Temos de sinalar, porén, que algunhas desas hipercorreccións conseguiron validarse no nomenclátor oficial moderno. Tal foi o que sucedeu con *Zas*, vila da Terra de Soneira, ou coas freguesías *San Mamede de Zas* (Negreira) e *Zas de Rei* (Melide), detectadas en documentos da época medieval cunhas grafizacións máis acordes coa etimoloxía; así se rexistra, por exemplo, co topónimo da Terra de Melide, o cal figura deste modo nun texto notarial de 1225: “De Sancto Iuliano de **Saas de Rege** [...] hereditates nostras quas nos habemus in Sancto Iulliano de **Salas regis**”. Cf. CODOLGA, s.v. *saas*, *salas*. Sobre a etimoloxía destes topónimos, véxase tamén o sinalado Martínez Lema 2010: 254-257, autor que non acompaña a teoría maioritaria: “Descartada pois a relación de *Zas* co xermánico **sala*, cómpre reconstruír para este topónimo unha base etimolóxica distinta. Esta podería encontrarse no fitónimo latino SALĪCE, acusativo do correspondente SALĪX ‘salgueiro’”.

en Betanzos, Ourense ou Santiago, mais tamén doutras coñecidas como *Folgueira* na provincia de Lugo (p. 73-74;); ao paso, hai exemplos de como SANCTU FELICE orixinou *San Fiz* en varias localidades de Lugo (pp. 27, 40, 64 etc. cf. Ferreiro 1997, II: 35), *San Fins* na administración provincial de Santiago e na de Ourense (p. 33, 167 etc.) ou *San Pedro de Fis* en Santiago (p. 73); de MATTIANARIA apareceu *Maseira* en Santiago e *Mazaira* na área de Monforte (pp. 108-109), moito máis común hoxe en día en Ourense (cf. Navaza Blanco 2006: 340-343, 584); SANCTA EULALIA explica tanto as lucenses *Santa Oballa* e *Santa Olalla* (p. 169) canto as tamén procedentes de Lugo *Santaia* (escrito *Santaya*, p. 98), *Santa Aia* (grafado *Santa Aya*, p. 168), *Santa Alla* ou *Santa Baia* (representado como *Baya*, p. 168; cf. Ferreiro 1997, II: 35); etc. Minoritariamente, tamén identifican variantes tradicionais a carón doutras de procedencia presumibelmente foránea, mais xa instaladas na lingua corrente daqueles tempos, como se aprecia no posíbel PRECATIÖNE que orixinou o nome da freguesía coñecida como *San Cebrián de Pregación* a par de *San Ciprián de Pregazón* ou mesmo o doutra administración relixioso-territorial identificada por *San Juan de Pregazón* (p. 145)¹⁵.

2.2.5. Antes da vontade de fixación formal por parte do Estado

Porén, estas relativas polimorfías e poligrafías que se documentan en obras dos séculos XVI-XIX, como os textos de Jerónimo del Hoyo, os do mesmo Sarmiento, Espinault Garcia ou o propio traballo de Villarroel, coñeceron un punto de inflexión que conseguiu facelas ben menos representativas. Durante o século XIX, o proceso de construción da identidade nacional avanzou de modo notábel desde os poderes establecidos en diferentes culturas e países da Europa, nomeadamente no tocante á vontade de uniformización e ao centralismo que negaba realidades lingüísticas e culturais diferentes das reivindicadas polas forzas centrípetas. No caso da administración do Estado español, para o ámbito da onomástica, e en particular para o da toponimia, un dos mellores reflexos desas ansias foi o constituído pola publicación

do *Diccionario* de Madoz (1845-1850), un xa mellor elaborado produto do poder estatal burgués no eixo administrativo e político do que as obras anteriores. O desexo de uniformización revelouse nada proclive a recoller hesitacións de pronuncia máis ou menos habituais, duplas posibilidades grafemáticas nin variantes formais desnecesarias. E moito menos se manifestou favorable á manutención de formas galegas autóctonas en favor de insólitas traducións para o español nin de hibridacións con esta lingua. Así o resume Navaza (2012: 176) cando exemplifica a tal vontade uniformizadora a partir da substitución da consoante fricativa prepalatal non voceada /ʃ/ polo fonema /x/ do castelán:

As grafías que rexistra Madoz, con poucas excepcións (casos como *Lage/Laje* ou conservación dalgún <x> como en *Loxo*, que en fontes posteriores sería substituído por *Lojo*), acabaron por constituír as formas escritas oficiais da toponimia galega durante a segunda metade do XIX e todo o século XX, ata os cambios realizados coa nova legalidade lingüística derivada do Estatuto de Autonomía, recollidos no *Nomenclátor de Galicia* de 2003.

Por iso, os nomes de lugar lematizados por José de Villarroel proporcionannos unhas valiosas informacións (socio)lingüísticas que os datos contidos por Madoz, en confronto, xa non facilitan, ou que, polo menos cualitativa e cuantitativamente, as fan minguaren.

3. A gueada e a geadada no DN

Con este panorama á volta do galego visto en 2 (isto é, lingua notabilisimamente maioritaria polo menos en 90 % da poboación mais desatada no ámbito público, ausente do ensino, vista como unha variedade corrupta ou arcaica do español, acusada dunha forte fragmentación dialectal e carente de estudos gramaticais ou lexicográficos), podemos comprender o porqué da inclusión aparentemente aleatoria de determinadas variantes fonéticas e morfolóxicas nos elementos considerados no DN, tamén no que di respecto aos dous fenómenos que centran o noso interese. Quizais o primeiro que interese sexa repararmos no modo en que as evidencias

¹⁵ Sobre a vivencia do sufixo *-zon* ou *-son* no século XIX, repárese na súa presenza aínda en textos literarios próximos da lingua dialectal e popular de certas áreas, como *atensón*, *confesón*, *perdisón*, *posesón*, *pretensón* etc., atestábeis en Mirás (1864: 64, 57, 70, 68); no mesmo século, tamén se localiza ocasionalmente en versos de extracción popular, segundo esta mostra compilada por Saco Arce: “Adios, que che me embarco / N-a primeira **embarcazón**”. Cf. LPG, 72.

de variación local foron abordadas modernamente no proceso de restauración dos topónimos; a tal propósito, como como é ben sabido, os textos legais recollen que as únicas denominacións oficiais posibeis son as galegas¹⁶.

En xeral, en congruencia coas disposicións e acordos das diferentes comisións de toponimia desde as primeiras achegas de finais dos anos 70 do pasado século até ás máis recentes, practicouse unha política conservacionista no referente á existencia de variantes dialectais máis ou menos defendidas polo decorrer evolutivo da lingua, polas formas orais en que chegaron até á actualidade ou polas atestacións conservadas. Por iso, a depender dos territorios, poden citarse hoxe pares fonéticos e morfolóxicos oficializados coas variantes *-aira* e *-eira* (*A Mazaira* e *A Maceira*, *A Airavella* e *A Eiravella*), *-ais* e *-ás* (*Centeais* e *Centás*, *Feás* e *Feais*), *-ans* e *-aos* (*Os Chans* e *Os Chaos*, *Rebordáns* e *Rebordaos*), *-ís* e *-iz* (*Ascarís* e *Ascaris*, *Eiris* e *Eiriz*), *-iño* e *-ín* (*O Carballiño* e *Carballín*, *Vilariño* e *Vilarín*) etc. (cf. Sánchez Rei 2013: 394-402); ao paso, aínda que non afecten sempre solucións locais, tamén existen duplicidades sintácticas, sancionadas a través do uso maioritario rexistrado na documentación da zona de procedencia e a través de persoas responsábeis pola canonización delas, cal a interpretación do xénero de determinados substantivos (*Ponteceso* a carón de formas como *A Pontenova*, *A Pontevella*, *As Pontes*, *Ponferrada* etc.), a presenza ou a ausencia do artigo (*Carballo* e *O Carballo*, *Freixo* e *O Freixo*, *Pastoriza* e *A Pastoriza* etc.) ou a maneira de entender graficamente a (in)dependencia formal dunha FAdx ou unha FPrep como modificadores directo e indirecto respectivamente dun nome (*A Fonte Nova* e *A Fontenova*, *A Leira Vella* e *A Leiravella*, *A Pena Grande* e *A Penagrande*, *Campo Verde* e *Campoverde*, *Pedra Longa* e *A Pedralonga*, *Lama Grande* e *Lamagrande*, *San Fins* e *Sanfins*, *O Monte Alto* e *Montealto*, *Vila Nova* e *Vilanova*; *Cima de Vila* e *Cimadevila*, *Val de Ferreiros* e *Valdeferreiros*, *Vila de Suso* e *Viladesuso* etc.; cf. GN).

Porén, non foi este o tratamento toponímico-académico da geadá. A pesar de ser recoñecida como unha pronuncia válida conforme figura nas NOMIG (2012: 13), a súa sorte non correu paralela a outros procesos de restauración e fixación implementados nos últimos tempos. Inclusive en casos en que os nomes oficiais do *Nomenclator* estatal xa recollían grafías que representaban esporadicamente ese tipo de pronuncias aspiradas ou velares, a decisión foi non as ter en consideración: así, entre os anos 1979 e 1980, nomes como *Sobrejeje* (CTO: 13, Cambre, Co), *Agete* (CTO: 24, Marín, Po) ou *Josín* (CTO: 31, Porto do Son, Co) corrixíronse, respectivamente, para *Sobreguexe*, *Aguete* ou *Gansín*. A memoria da oralidade popular doutras pronuncias geadófonas tamén ficou preterida polo menos na sinalética oficial, conforme sucedeu co nome de lugar *As Rejas* na cidade da Coruña (inclusive grafado nalgũa ocasión como *Las Rejas* e ás veces inadecuadamente convertido no uso oral en *As Reixas*), estandarizado en *As Regas*, ou co coñecido como *A Jouxá*, igualmente na capital do Orzán, hoxe en día fixado en *A Gouxá*¹⁷.

Nestes medios, o DN recolle pronuncias populares e dialectais que afectan o ámbito das consoantes velares, tal como se constata para os testemuños da gueada e da geadá. A comezarmos pola primeira, é ben sabido que no subsistema consonántico do galego non existe o fonema /x/, ao contrario do español, cuxo aparecemento ten lugar no cadro da chamada “revolución fonolóxica” desa lingua. Segundo a literatura especializada (Lapesa 1968: 245-248; Penny 1998: 96-99; etc.), a tal revolución principiou no século XVI e consumouse na segunda metade do seguinte, isto é, nun período en que, a carón doutras mudanzas fonémicas (desaparecemento de africadas medievas, enxordecemento de sibilantes sonoras etc.), o antigo fonema prepalatal non voceado /ʃ/ foi retraéndose para sofrer un proceso de velarización que o levou a se articular como unha consoante velar de carácter fricativo /x/. Esta innovación non se documenta noutras linguas ou variedades neolatinas (portugués, aranés,

¹⁶ Cf.: *Lei 3/1983 de Normalización Lingüística*, DOG 04/07/1983; *Decreto 132/1984, de 6 de setembro, por que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia*, DOG 21/09/1984; *Decreto 174/1998 de 5 de xuño, por que se modifica o Decreto 43/1984, de 23 de marzo, por que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia*, DOG 22/06/1998; etc.

¹⁷ Repárese na forma barbarizada *Gouja*, freguesía localizada por Villarroel na provincia de Santiago con advogación a San Martiño. Para outros testemuños de nomes de lugar con *Gouxá*, en que non figura o detectado no DN nin o do cidade da Coruña, cf. TNG, s.v. *gouxá*.

catalán, occitano, gascón, franco-provenzal, francés, sardo etc.) e exemplifica unha das máis representativas singularidades fónicas do español no mundo lingüístico románico.

Funcionarios estatais, notarios, autoridades civís e eclesiásticas etc. que veñen á Galiza desde outras partes da coroa castelá a partir especialmente do século XVI traen consigo o español e, por conseguinte, a evolución /ʃ/ > /x/. Económica e socialmente, eses colectivos supoñen modelos referenciais para seren imitados e representan estratos con que se procura, se posíbel, a asimilación ou a confluencia. Así, na Galiza, instalado o castelán progresivamente nas clases máis acomodadas desde os inicios da Idade Moderna, nuns casos por importación e noutros por mímesis das oligarquías locais ao poder foráneo e ao idioma deste, o novo fonema /x/ vai tentando avanzar entre aquelas persoas que pretendían falar na lingua mellor considerada. Mais como se trataba dunha unidade estraña ás consoantes do galego e difícil de pronunciar, unha grande parte de galegofalantes só conseguiu articular inicialmente outra consoante, velar con efecto, mais realizada de modo oclusivo ou aproximante. É aí onde, de acordo coas teses castelanistas sobre a orixe da geadá —que se verán máis abaixo—, xorde a gueada, primeiramente no español falado por galegas e galegos, que consiste na pronuncia con [g] onde debería aparecer [x]. A este respecto, da segunda metade do século XVIII contamos cunha interesante e coñecida nótula proveniente da reparada observación do padre Sarmiento que incide nas dificultades con que a paisanaxe galaica batía para reproducir o novo son: a comentar a adaptación en *Arangüeso* que sofreu o topónimo español *Aranjuez*, o frade de Vilafranca xustifica esa variante

adaptada a indicar que exemplifica unha posibilidade fonética “que no puede pronunciar el gallego” (en Pensado 1997a: 466).

Tal confusión ou tentativa de pronuncia fónica, que mesmo conseguiu chegar até aos nosos días¹⁸, dispón de abundantes mostras durante os séculos XIX e XX (cf. Pensado e Pensado Ruiz 1983: 31-44), tamén en Portugal¹⁹. Os nomes en que se detecta no DN protagonizan un proceso facilmente interpretábel como “indirecto” para a súa explicación. Neste sentido, non corresponden a vocábulos ou nomes que tiñan en español o fonema /x/ e que, polos problemas de articulación que este implicaba, se transformou en algo parecido á consoante /g/, e tamén non proviñan de unidades lexicais do español con esa mesma característica fónica: trátase de topónimos tradicionais que en galego xa presentaban, en congruencia coa diacronía, o fonema /ʃ/, mais que foron españolizados mudando esta unidade por /x/, a cal, polos motivos sinalados con anterioridade, parece que acabou sendo novamente substituída por /g/. Os pasos, por tanto, revelarían esta orde:

- i. (i) existencia da forma galega normal coa pronuncia da fricativa [ʃ];
- ii. (ii) proceso de deturpación ou hibridación a través da substitución de [ʃ] por [x] seguindo modelos fonéticos do español;
- iii. e (iii) hipercorrección deste son [x] por [g]; é o caso que se observa nun topónimo como *Guinzo* (DN: LII, 202) que comentaremos máis abaixo: [ʃ]inzo → [x]inzo → [g]inzo.

Por súa vez, a geadá consiste na ausencia do fonema oclusivo voceado /g/, aparecendo, no seu lugar, varias pronuncias situadas nun abano articulatorio que vai dunha consoante uvular [ʁ] ou aproximante uvular [ʁ̥] voceadas

¹⁸ No momento de redixirmos as presentes liñas (agosto de 2024), lembramos un libro de sinaturas dunha empresa funeraria que recollía, hai uns meses, as condolencias e as rubricas de quen quería deixar constancia de pasar por un tanatorio. Entre os nomes alí inscritos, houbo un home que asinou como *Gose Manuel* e unha muller que, unha liñas máis abaixo, inmortalizou o seu antropónimo como *Gosefa*.

¹⁹ Varias desas proveñen dun texto que foi publicado pola primeira vez no ano 1720 ao sur do río Miño (SP) e que parece que chegou a ter notabilísimo suceso, caso tivésemos en conta as cerca de corenta edicións en que foi dado a estampa até aos anos finais do século XIX. Pretensamente escrito en español embora cunha forte influencia galego-portuguesa, corresponde a unha parodia dun sermón “pregado por um cura gallego” de maneira a explicar a concepción de María. Un dos trazos lingüísticos que fai singular este texto, para alén doutros que se poderían sinalar, é, xustamente, a grande cantidade de exemplos da gueada en casos como *Higo* (SP: 3, 8, 9, 10, 11) e *Hygo* (p. 4), *Santa Maruga* (p. 3), *Theologuías* (pp. 3, 4, 6, 8, 9), *Angle, Angles e Arcangles* (pp. 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10), *para bago* (p. 4), *megor* (pp. 4, 11), *Goevos*, (p. 4), *muguer* (pp. 4, 5, 6, 8) e *mugueres* (p. 5), *higa* (pp. 4, 10), *degò* (p. 4), *consiegos* (p. 6), *Anguelico* (pp. 7, 8, 9), *anteogos* (pp. 7, 9), *Gazus Christo* (p. 8), *trabagar* ou *trabago* (pp. 4, 18), *dega* (p. 8), *viega* (p. 11), *viego* e *viegos* (pp. 9, 10), *guntamiente* (p. 11) etc. Sobre o protagonista deste opúsculo, en Pensado e Pensado Ruiz 1983: 26 figura o seguinte comentario: “Con el siglo XIX los ejemplos [de gueada] se hacen tan abundantes que ya no hace falta alegarlos, hasta hoy los tenemos a mano. El gallego hablando castellano es tema de sainete y objeto de burla en todo el país. Incluso en Portugal se publica un folletito.”

até a unha fricativa velar non voceada [x]. As realizacións máis habituais son, porén, a fricativa laringal ou glotal non voceada [h], a fricativa faringal non voceada [ħ] e a fricativa velar non voceada [x]. Trátase dun fenómeno dialectal que se rexistra en largas rexións do territorio galego, nomeadamente na metade occidental do país (cf. Fernández Rei 2003: 53-54, 163-189). Corresponde hoxe en día a un forte trazo caracterizador da orixe xeográfica, e até da procedencia social das persoas, que conta con tres teorías fundamentais para a súa explicación: a hipótese substratística, a estruturalista e a castelanista. A primeira delas, a tese de substrato, atribúe a súa presenza no galego a unha reminiscencia das linguas faladas na Gallaecia anteriores á romanización, das cales aínda hoxe se discute a súa filiación indoeuropea ou céltica ou unha outra diferente destas. Foi asinada por Zamora Vicente en meados do século XX (1986: 11-25) e despois, parcial ou totalmente, foi asumida por autores como Rabanal (1967: 28-32) ou Fernández González (1981: 56-66), con argumentacións que incidían en que onde mormente se rexistra a geadá (occidente do país) é onde máis abundan os poboados castrexos.

No entanto, aínda que indubitabelmente poida parecer atraente no ámbito da pegada no galego actual desas antigas linguas, a teoría tórnase dificilmente rubricábel porque os primeiros testemuños de geadá aparecen na Idade Moderna, isto é, moitos séculos despois do ocaso da cultura galaica dos castros; a este respecto, hai aparente constancia de tal fenómeno lingüístico na detección dunha forma *rejeyro* nun texto de finais do século XVII (cf. Boullón Agrelo 2012: 152) e cen anos máis tarde no “Romanze gallego” de Iván Correa Mendoza y Sotomayor, publicado en 1697, no cal pode lerse o famoso verso “Os **prólojos** encurtemos” (SEG: 35). Ao mesmo tempo, non se pode perder de vista que noutras zonas en que tamén vigorou esa civilización prerromana, como o norte de Portugal até ao río Douro ou as partes máis occidentais das provincias de Oviedo,

León ou Zamora, non houbo documentacións de pronunciacións con geadá. E por último, ao contrario do que acontece con outras culturas anteriores á expansión do latín (etrusca, fenicia, helénica, mesopotámica etc.), nada se sabe do subsistema consonántico dos idiomas que se utilizaban na que logo sería provincia romana da Gallaecia e, por extensión, tampouco nada se coñece á volta de se existían neles fonemas ou sons fricativos aspirados e velares.

En segundo lugar, a tese estruturalista argúe que se trata dunha evolución espontánea do propio galego debido a unha relaxación extrema da pronunciación aproximante [ɥ] do fonema /g/, desenvolvida “se cadra entre os séculos XVI e XVII” (Fernández Rei 2003: 184). Foi subscrita por autores como Santamarina (1980) ou Schrotten (1980) e é a promulgada desde organismos oficiais de forma a tal pronunciación ser admitida como lexítima posibilidade de realización na variedade estándar. Con todo, non explica ben que se non documente con normalidade no portugués en calquera das súas variedades xeográficas ou sociais, que partilla a maioría dos trazos fonéticos idiosincráticos do galego (cf. Pensado e Pensado Ruíz 1983: 80), a pesar de se detectaren esporádica e timidamente certas pronunciacións equivalentes en puntos próximos da fronteira política. Tampouco dá conta sucesosamente de por que no seu momento palabras do castelán como *antojo*, *conejo*, *pareja* ou *partija* foron adaptadas de propósito a través dunha ‘galeguización’ en *antoxo*, *conexo*, *parexa* ou *partixa*²⁰, en vez de ficaren coa mesma vestimenta gráfica e de seren pronunciadas con aspirada ou até coa propia velar do español, realizacións ben máis próximas da geadá ou totalmente coincidentes con esta.

Igualmente, a respecto de similares adaptacións, e dado que este artigo trata sobre nomes de lugar, temos de notar que algúns topónimos, en que a geadá se rexistraba de facto, foron igualmente ‘regaleguizados’ e chegaron, en ocasións, a ser popularizados ou oficializados con esa ‘reintegración’ no subsistema

²⁰ Algunhas destas adaptacións contan xa cunha relativa antigüidade no galego, ao paso que outras dan indicios de seren un pouco máis recentes. Proba disto é a súa atestación en traballos lexicográficos clásicos do galego: así, a forma *antoxo* figura lematizada por primeira vez en 1865 a través do *Vocabulario gallego-castellano* de Pintos; o substantivo *conexo*, por seu turno, coñece a súa documentación máis antiga no ano de 1876 ao ser incluído no *Diccionario gallego-castellano* de Cuveiro Piñol; *parexa* aparece en 1854 mercé a Rodríguez, que a incorporou ao seu *Diccionario gallego-castellano*; e *partixa*, contrastivamente, só comeza a ser considerada en glosarios e dicionarios a partir de 1926 grazas ao *Vocabulario popular galego-castelán* de Filgueira Valverde, Tobío Fernandes, Magariños Negreira e Cordal Carús. Para estas documentacións e aínda outras en traballos posteriores, véxase DdD, s.v. *antoxo*, *conexo*, *parexa* e *partixa*.

consonántico da lingua, atravesando as alfândegas lingüísticas máis doadamente agora coas características fónicas do galego: así, documentamos na actualidade varios casos de *Ximarei* (< WIMAREDI, xenitivo do xermánico WIMAREBUS; cf. Cabeza Quiles 2008: 109) nos concellos lucenses de Cospeito e Outeiro de Rei (*A Veiga de Ximarei, O Vilar de Ximarei* etc.; véxase GN, s.v. *Ximarei*), e tamén rexistramos un *Ximarás* en diversas zonas da actual provincia de Lugo (Guitiriz, Lourenzá ou Vilalba; véxase GN, s.v. *Ximarás*; TNG, s.v. *Ximarás*); tamén hai constancia oral da variante *Verduxo* na zona da ría de Vigo (cf. Sacau Rodríguez 2000: 281) para o nome *Verdugo*, nome documentado, aliás, en máis partes da Galiza²¹. Por tanto, en harmonía cos antecitados casos de *antojo* → *antoxo* etc., e se o fenómeno da realización con aspirada laringal ou con fricativa velar fose realmente autóctone, cabe formularmos a pregunta de por que os galegos e as galegas de hai anos sentiron a necesidade de transformaren eses nomes en detrimento das pronuncias orixinais.

Finalmente, a teoría da orixe externa, tamén denominada nalgúns ámbitos “adstratística”, “castelanista” ou “españolista”, aparece formulada directa ou indirectamente xa desde os primeiros textos en que se fai referencia á geadada. Do punto de vista académico, foi defendida, entre outros, por Pensado e Pensado Ruiz (1983) ou Freixeiro Mato (2006, I: 150-159) máis recentemente, e sostén ser un fenómeno que tivo a súa orixe no español. A termos en conta a xa citada revolución fonolóxica desta lingua dos séculos XVI-XVII (véxase *supra*) e con este idioma instalado nas clases dirixentes da Galiza vindas de Castela a partir desa época, os autores citados sinalan que procede da tentativa de as persoas galegofalantes reproduciren o /x/ castelán cando empregaban esa lingua na oralidade, pronuncia que inicialmente sería

[g] ou [u] en posición intervocálica e que, polas burlas que xeraba e polo desprestixio que estas traían consigo, acabaría por se realizar como [h]. Desde aquí, esa aspiración provocou tamén a confusión no propio galego, en que se propagou a pronuncia con consoante aspirada ou velar a palabras como *agora, auga, gato* ou *pagar*. As rexións máis presumibelmente sensíbeis á españolización, isto é, as áreas máis occidentais e as súas capitais de influencia (Ferrol, A Coruña, Compostela, Pontevedra, Vigo), foron as zonas en que mellor se conservou o trazo, contrastativamente con outros territorios da Galiza, en que ou ben nunca existiu ou ben foi lenta e gradualmente desaparecendo até chegar á situación contemporánea. A noso ver, gueada e geadada están intimamente unidas e a segunda, de acordo coas teses castelanistas, supón necesariamente a previa existencia da primeira.

En confronto con outras fenomenoloxías lingüísticas de carácter local e/ou popular, tanto a gueada como a geadada posuíron historicamente unha escasa estima social, mesmo entre as persoas en que se documenta(ron) estes trazos ou entre aquelas que os coñece(ron) de forma directa. Na actualidade, a geadada, mesmo contando con firmes defensas por parte dalgunhas persoas no discurso público, nas redes sociais ou inclusive en ambientes artísticos por causa de ser percibida como un forte signo de identidade idiomática e de afirmación colectiva (cf. Fernández Rei 2004), non consegue sobordar esas esferas de estigmatización e, en xeral, “a pesar da aceptación normativa” (Álvarez e Xove 2002: 29), é evitada ou obumbrada nos rexistros máis formais. A má reputación da gueada canto da geadada explícase por secularmente ambas teren sido identificadas de maneira reiterada cos modos de falar das clases menos favorecidas cultural e economicamente, que durante centos de anos non

²¹ Cf. Moralejo Lasso 1977: 302. Un outro autor que percibiu estas adaptacións para as tornar máis asumíbeis ás características fonéticas da lingua foi Rivas Quintas (2015: 11), para quen o facto de “non saber descodifica-la *geada*, ou acaso o querer fuxir de un castelán inexistente”, inspirou a creación de “palabras fantasma, coma na toponimia”. Entre as palabras que cita figuran “**formixos* por *Formigos*, **muxa*, **muxento* por *Muga*, *Muguento*; **muxexa*, **moxexa* por *Moxega*; **xarela* por *Garela*; **xaroto-e* [sic] por *Garoto*, **xeldre*, *xeldreiro* por *Gueldre*, *Gueldreiro*” e mesmo “aberracións como *Xamirás* [sic], *Ximarei*, por *Guimarás*, *Guimarei* (xer. *Wimaranis*, *Wimaredi*)”. Máis recentemente, a se referir ao *Ximarás* da Terra Chá, Martínez Lema 2018: 51 tamén subscribe a hipótese da conversión desde a pronuncia con geadada: “Cómpre lembrar que o topónimo begontino conta cunha variante *Ximarás* verificada no uso dos propios falantes e que tamén ten unha presenza notábel na sinalética da zona, para alén de dar nome a senllas localidades nos concellos veciños de Guitiriz e Vilalba. É posíbel que esa forma *Ximarás* sexa o resultado da hipercorrección dunha pronuncia con gheada (**Ghimarás*), pronuncia que sería sentida como castelanismo e consecuentemente rectificada.” En contrapartida, Boullón Agreló 2012: 156, tamén citada por Martínez Lema, defende unha orixe etimolóxica distinta, cal un antropónimo xermánico **GILIMARUS* a través do seu xenitivo **GILIMARANIS*.

puideron gozar do acceso á educación nin á promoción individual e social que esta favorece. Neste sentido, falan por si propias as palabras de Valladares Núñez (1884: VI), natural da Estrada, quen non dubidou en afirmar con rotundidade que as “*geadas* son un defecto de la gente idiota” e que “en ningunha gramática, en ningún dicionario pueden tener cabida”, e tamén non teñen perda similares impresións de Cotarelo Valledor (1927: 90), autor que adscribía o fenómeno ás “gentes incultas de la zona costera occidental”.

Voltando ao DN de José de Villarroel e á plasmación formal da geada por escrito naquela altura, non se poden deixar de apuntar algunhas particularidades vinculadas ao itinerario grafemático do español. Nos inicios do século XIX, grafías máis etimoloxistas cal *baxo*, *caxa*, *dexar*, *exercer* etc. para a representación da consoante /x/, que son as documentadas por Espinault García e por Villarroel, gozaban de certo uso, que deixou, porén, definitivamente de ser asumido desde a oitava edición da *Ortografía de la lengua castellana* (RAE 1815: XIII-XIV, 54-56; cf. tamén Navaza 2012: 175-176). Isto permite formularmos a hipótese de se moitos dos topónimos que aparecen no DN grafados con <x> non ocultarán, na realidade, unha pronuncia co fonema do castelán en vez da correspondente fricativa prepalatal non voceada do galego /ʃ/. A este respecto, con todo, os dous autores referidos, neste caso Villarroel, recollen grafías duplas que presupoñen a distinción de ambas as posibilidades, a tradicional e a españolizada, en exemplos como *Chandreixa* e *Chandreja* (DN: 53), *Cougil* e *Couxil* (pp. 59-60), *Enjames* e *Enxames* (p. 67), *Forján* e *Forxán* (p. 76), *Frejulfe* e *Frexulfe* (p. 78), *Meijome* e *Meixome* (p. 110), *Queija* e *Queixa* (p. 149) etc.; nalgunha ocasión, mesmo dá explicitamente por válidas as dúas hipóteses, conforme se rexistra para “Sejomil, ó Seixosmil” (p. 171), e non faltan mostras en que a única posibilidade fonética proporciona indicios de ser a pronuncia autóctone, conforme se atesta con documentacións do tipo *Irixoa* (p. 90), *Laraxe* (p. 95), *Moneixas* (p. 114), *Xaviña* ou *Xerimol* (p. 207)²², non se rexistrando *Laraje* ou *Larage*, *Queija*, *Javiña* ou *Jerimol*. Por iso, con todas as cautelas precisas, achamos que Villarroel era consciente do que

estaba a representar e, por conseguinte, que o uso de <j> e <g + e, i> favorece pensarmos doadamente nunha pronuncia [x] en tales situacións, a pesar dalgúns casos dubidosos que trataremos máis adiante (véxase 3.2.10).

3.1. Nomes de lugar con presenza da oclusiva velar voceada

Ao fío do que acabamos de expor, José de Villarroel facilita a lematización de topónimos en que se rexistra o fenómeno da gueada, nuns casos dun modo bastante explícito e noutros dunha maneira non totalmente clara. Deles imos ocuparnos a seguir.

3.1.1. *Arteigo*, *Artiego*

Presentemente, a localidade de *Arteixo* dá nome a unha freguesía (*Santiago*) e a un concello que nas súas partes máis noroccidentais serve de transición entre a área da Coruña e o inicio da rexión de Bergantiños. Para alén destes testemuños, tamén se acha sintacticamente como termo dunha FPrep a modificar un nome en varios microtopónimos desa demarcación concellía (*Agra de Arteixo*, *Alto de Arteixo*, *Baños de Arteixo*, *Camiño Real de Arteixo* etc.) e dunha vía urbana coruñesa (*Avenida de Arteixo*). Con esa vestimenta gráfica é como se acha na “Introducción” do DN, onde o autor, salientando as principais fontes minerais, afirma que son “las mas conocidas y frecuentadas las de Arteixo y Carballo en la provincia de la Coruña” (DN: XII). No entanto, Villarroel lematiza unha freguesía *Arteijo* dedicada a Santiago na mesma administración provincial (p. 18), a cal non ofrece problemas para a súa explicación e identificación, mais tamén un *Artiego* en idéntico territorio, que, a noso ver, parece responder a unha errata por *Arteigo*, variante con gueada da forma castelanizada *Arteijo*. Talvez este exemplo sexa unha das mostras máis evidentes da dependencia do traballo de Villarroel a respecto do de Espinault García, obra en que tamén se recolle tanto a forma *Arteijo* canto o presumíbel erro *Artiego* (1775, I: 77). Pola nosa parte, debemos subliñar que temos ouvido nalgunha ocasión a pronuncia con gueada *Arteigo* a persoas de escasa formación cando tentan expresarse en español ou tamén a individuos que, sabendo do ton

²² Non se pode descartar, porén, que graficizacións como *Forxán*, *Frexulfe*, *Queixa* etc., ou mesmo *Irixoa*, *Laraxe* etc., oculten, na realidade, tamén pronuncias con [x], aínda que talvez o máis lóxico sexa pensarmos na realización autóctone con [ʃ].

paródico que este fenómeno pode traer consigo, acoden a esa realización fonética como recurso tan efémero como humorístico.

Relativamente á súa orixe, lévase comentado bastante a procedencia do topónimo, se ben que, para alén de hipóteses pseudofilolóxicas e populares, carentes de veracidade (cf. *Arteixo* < ‘arte do eixo’, ‘arde o teixo’) e bastante próximas do que Robins (1981: 13) no seu momento denominou “lingüística popular”, a maioría dos estudos sinala a súa presumíbel procedencia prerromana a partir dunha base hidronímica *ART- ou *AR-. A primeira documentación de que hai noticia do nome provén do ano 942 a través dun texto en que se recollen doazóns feitas por San Rosendo ao mosteiro de Celanova; aparece *Artasio* integrado na Terra de Faro, isto é, na zona da Coruña: “In Faro ex dato tie mee domne Gunterodis, **Artasio**. In Bregantinos Queo” (CODOLGA, s.v. *artasio*). Como *Arteixo* xa figura dous séculos máis tarde, en 1182, nun documento en que se rexistra como unha propiedade a carón doutras herdanzas: “cum hereditate de **Arteixo** cum tota sua hereditate” (en Rozamontes Vázquez 1999: 51). Por outro lado, en diversos dicionarios clásicos do galego (Leandro Carré Alvarellos, José Ibáñez Fernández, Eladio Rodríguez González etc.; véxase DdD, s.v. *arteixo*), a forma *arteixo* figura incluída, facéndoa corresponder a *cotelo*, *cotobelo* ou *coteno*, ás veces cunha tradución para o español do tipo “artejo”, “articulación” ou “nudillo”.

3.1.2. *Borragueiros*

Outro nome que se acha nas tabelas de topónimos con oclusiva velar en vez da fricativa velar é *Borragueiros* (DN: 30), presente tamén na obra de Espinault Garcia (1775, I: 122), e localizado na provincia de Santiago. Actualmente continúa a dar nome á freguesía de *San Cristovo de Borraxeiros*, pertencente ao concello pontevedrés de Agolada. Novamente, a orixe de *Borragueiros* parece poder procurarse na adaptación do topónimo españolizado *Borragueiros* (< *borraxe* + *-eiros*, ‘lugares onde abundan as *borraxes*’²³, de BORRAGINE), conforme

aparece noutros textos do século XIX: “El Ulla [...] entra en la provincia de Santiago por el condado de **Borragueiros**, á donde se le unen por la parte del norte los rios Pambre y el Furélos” (Labrada 1804: 11; véxase tamén Labrada 1804: 216). As documentacións medievas non parecen deitar dúbidas sobre a orixe espuria deste *Borragueiros*. Así, nun documento de 1220 sinálase a existencia dun “domnus Rodericus Petri de **Borragueiros**” (CODOLGA, s.v. *borrageiros*), en canto noutro de 1286 figura escrito “casalia sunt in filigrisiis Sancti Christofori de **Borragueiros**” (ITGM, s.v. *borraxeiros*). A par da variante con gueada, tamén hai documentación da toponimia con sibilante presumibelmente apical ou predorsal non voceada a través do exemplo *Borraxeiros* do DN (p. 30), produto, talvez, dunha má tentativa de adaptación da pronuncia galega para o fonema /ʃ/, tamén presente noutros exemplos nas páxinas do DN: *San Miguel de Pesegueiro* (p. 139)²⁴, *Seiso* (p. 171) etc.

3.1.3. *Breygo*

Breixo (< VERISSIMO, ‘o de verdade, o que di sempre a verdade’) é un topónimo que se rexistra por toda a xeografía galega conforme datos actuais (cf. GN, s.v. *breixo*), xa documentado desta forma na época medieval, segundo verifica un texto de 1281 pertencente á colección diplomática do mosteiro de Melón en que se fai referencia a un “Petrus de **Breixo** clericus” (CODOLGA, s.v.). Sen deixarmos de lado a súa recorrente documentación españolizada no apelido *Breijo* ou *Bereijo*, nomeadamente na rexión de Ferrolterra e Ortegal (cf. CAG, s.v.), desde hai algún tempo tamén comeza a ter certa rendibilidade como antropónimo ao haber cerca de 900 persoas que levan este nome (cf. GNG, s.v.). No entanto, o topónimo *Breygo*, por súa vez, foi situado na provincia de Lugo por Villarreal (DN: 32) e uns anos antes por Espinault Garcia (1775, I: 126) a través da grafía *Breygo*; en ambos os casos dá indicios de sinalar de novo unha corrección practica da sobre *Breijo*, que, por súa vez, representa unha imposíbel tradución de *Breixo*. Esta foi

²³ Relacionado con este topónimo *Borraxeiros* parece estar o substantivo *borraxeira*, empregado en certas áreas da Galiza como sinónimo de *brétema* ou de *orballo* e recollido por lexicógrafos contemporáneos (Leandro Carré Alvarellos, Eladio Rodríguez, Xosé Luís Franco Grande, Constantino García etc.; cf. DdD, s.v. *borraxeira*; DRAG, s.v. *borraxeira*).

²⁴ Sobre a variante *Pesegueiro*, cf. Navaza Blanco 2006: 448, quen a localiza actualmente na área de Tui e na de Mañón, sinalando que “convive na fala con *Pexegueiro*”. Nos inicios do século XIX, tamén Lucas Labrada 1804: 217 recollía a xurisdición de “Pesegueiro”.

identificada na demarcación de Betanzos no DN a par de *Brejo* (p. 32), igualmente detectada na mesma provincia. Tamén se recolle un *Breixome* na administración provincial lucense (p. 32), máis próximo do étimo (VERISSIMO).

3.1.4. *Freigueiro*

O nome *Freigueiro* foi adscrito por Espinault Garcia (1775, I: 277) a unha freguesía da provincia de Santiago (*S. Finz*) e a outra de Tui (*S. Tomê*), de onde os colleu literalmente Villarroel para o DN (pp. 77, 78). A gueada, novamente, aparece a partir da adaptación de *Freijeiro*, tentativa errada de españolización do nome *Freixeiro* (< FRAXINARIU, ‘lugar en que hai freixos’). Interesa ponderarmos desta toponimia que unha das primeiras ocasións en que se rexistra como tal aparece en finais do século X, concretamente nun documento de 972: *Ereditade que abeo in uila fraisenario* (DELP, III: 89, s.v. *Freixeiro*). Nun documento do ano 1305 volta a se documentar, agora xa cunha forma condicente coa actual, a carón doutros nomes de lugar: “in Capanno in Cabanas in **Freixeiro** in Maiofrio in Sisto in Peradela et in Mallados (CODOLGA, s.v. *freixeiro*). Na actualidade, conforme consta nos nomenclátors oficiais (GN, TNG), o topónimo *Freixeiro* rexístrase por todo o país, cun claro predominio nas demarcacións provinciais da Coruña, Pontevedra e Lugo. Conforme frecuentemente acontece con outros nomes propios, estamos perante un caso en que tamén corresponde a un patronímico, en cuxas circunstancias, de acordo coa *Cartografía dos apelidos de Galicia* (CAG, sv. *Freixeiro, Freijeiro*, se acha coa forma lexítima unicamente na área da Coruña; a variante pseudocastelanizada coñece unha representativa presenza na faixa occidental, particularmente na rexión de Bergantiños e nalgunhas partes do sur de Pontevedra.

3.1.5. *Frigue*

Santa Locaia de Frixe (< *FLIGENI, xenitivo do xermánico FLIGENUS; cf. tamén Martínez Lema 2010: 245-247, que propón unha orixe en (UILLA) FRIDISCLI, emparantada co gótico *friþ-‘paz’*) dá nome a unha freguesía pertencente ao concello fisterrán de Muxía e así está recollida por Espinault Garcia e por Villarroel cando sitúan ese territorio na provincia de Santiago (1775, I: 279; DN: 78). No entanto, o autor tamén rexistra unha outra *Santa Locaia*, agora de *Frigue*, na demarcación provincial de Betanzos. Máis unha vez, estamos perante unha hipercorrección fonética nada a partir da pronuncia con

gueada da forma españolizada *Frije* ou *Frige*, paralela aos casos vistos con anterioridade. Na época medieval atéstase pola primeira vez nun documento de 1165, xa con <x>: “sterium de Lires et per rivum qui vadit inter **Frixe** et Castum” (CODOLGA, s.v. *frixe*).

3.1.6. *Frogans*

O nome *Froxáns* (< *FROGIANIS, xenitivo do xermánico FROGIANUS, ‘señor’, ‘deus’; cf. Piel 1989: 143) aparece en diversas áreas do territorio referindo realidades paisaxístico-xeográficas en que salientan as terras de cultivo. Como *Froxás*, flexión de número propia do centro do país, documéntase no concello ourensán da Merca a facer parte do topónimo *Froxás das Viñas*, en canto que como *Froxais*, con trazos flexivos característicos do leste, se rexistra en Viana do Bolo para o nome dunha freguesía (*San Brais de Froxais*) e dun lugar da zona (*Santa Mariña de Froxais*). Por seu turno, Villarroel, coa variante occidental e coa conversión gueadófono, recolle *Frogáns das Viñas* (DN: 78) en Ourense, sen posteriores informacións, a reproducir exactamente os datos que con anterioridade xa incorporara Espinault Garcia (1775, I: 279). No que toca nos rexistros medievais, hai constancia, entre outros casos, dun documento de Celanova datado no ano 1007 no cal figura “ista terra et fillarunt in mandamento de Cellanova in villa **Frogianes**”, doutro texto de 1108 en que aparece “habet jacencia in villa **Frogianes**” ou aínda máis un de 1113 onde se recolle “aliam hereditatem in villa **Froganes**” (CODOLGA, s.v. **frog**).

3.1.7. *Guances*

Actualmente existen varios lugares que levan o nome de *Xuances*, en especial na Mariña lucense: un é o chamado *Souto de Xuances*, no concello de Xove, e outro corresponde á freguesía de *San Pedro de Xuances*, tamén pertencente ao mesmo termo municipal mariñao. A orixe deste topónimo parece deberse a un cruzamento antigo de *Suances*, igualmente antropónimo, con *Joám* ou *Xoán*. As documentacións baixomedievais non posibilitan a hesitación sobre a orixe da actual forma, e así, en textos notariais do primeiro terzo do século XV poden detectarse casos como os que seguen: nun documento de 1433 figuran as “feligresias de Galdo et **Juances** et Sant Romao de Valle et Sant Estevo de Valle et San Miguel das Negradas”, ao paso que noutro escrito de 1435 constan “os lugares et flegresias de Galdo et **Juances** et Sant Romao de Valle et

Sant Esteveo de Vale” (ITGM, s.v. *xuances*). No *Diccionario* de Espinault Garcia, a par do topónimo españolizado da freguesía como *San Pedro de Juanzes* (1775, I: 335), adscrito á provincia de Mondoñedo, tamén se rexistra un *Guances* (1775, I: 303) integrado nesa administración provincial; e, en congruencia co proceder de Villarroel, idéntica localización é a que se recolle no DN para un *San Pedro de Juanzes* (p. 91) e outro *Guances* (p. 84).

3.1.8. *Guinzo de Limia*

En consonancia co comentado con anterioridade (véxase 3.1), Villarroel recolle as freguesías de *Santa Marina de Jinzo* en Santiago e Pontevedra, ben como *Jinzo de la Cuesta* en Ourense, e *Santa Marina de Jinzo de Limia* e *Villar de Guinzo*, tamén nesa mesma provincia (DN: 90, 202). Con todo, o autor, na descrición que fai das cidades e das principais localidades do país, singulariza *Xinzo de Limia* do modo seguinte: “La Villa de Guinzo, en la Provincia de Orense y Capital de la Limia, está situada cerca del río de este nombre, al qual le llama Moreri *Letéo*, ó río del *olvido*” (p. LII); hai que notar que as referencias a este *Guinzo* por parte de Villarroel representan unha das poucas diferenzas a respecto da obra de Espinault Garcia, en que non se recolle con esa variante fonética. Voltando ao tema que nos ocupa, a gueada de *Guinzo* ou pronuncias equivalentes parecen contar xa con varios séculos de historia, como é o caso desta mesma vila ourensá; así, no anexo ao *Censo de Castilla de 1591* figura a entidade populacional de *Faramontaos*, que é localizada xustamente na área de “Guinzo de Limia” (ACC: 12), exemplo este que podería representar unha das primeiras mostras de gueada. Naturalmente, o nomenclátor oficial actual recolle a forma *Xinzo de Limia*, mais a variante *guinzo* parece que conseguiu ter certo uso como nome común a teor da súa documentación nalgunhas obras lexicográficas, en que é tamén identificado como *guizo* ‘anaco pequeno de leña’: está incluído no texto de Eugenio Reguera y Pardiña (*Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano*, 1840-1858), Luís Aguirre del Río (*Diccionario del dialecto gallego*, 1858) ou Aníbal Otero Álvarez (*Contribución al léxico gallego y asturiano*, 1953) (véxase DdD, s.v. *guinzo*). A respecto da súa

presenza na época medieval, hai constancia, entre outros datos, dun notario coñecido como “Juan Dorado de **Ginzo**” nun documento de 1484” (ITGM, s.v. *xinzo*).

Por último, débese sinalar que, noutras partes do territorio, diferentes *Xinzos* pasaron por vicisitudes similares ao da Limia canto á súa interpretación e transmisión documental a respecto da presenza da gueada. Así aconteceu co lugar de *Xinzo*, no concello mariñao da Pontenova, sobre o cal Marqués Valea (2021: 117) escribe que se achan “pegadas do topónimo ao longo do século XVII e comezos do XVIII” e que as “grafías nos textos en castelán varían moito: *Ginzo*, *Guinzo*, *Jinzo*, *Xinzo*”, indicando a seguir que o “Catastro de Ensenada tamén acusa unha gran polimorfía á hora de grafar o topónimo: *Jinzo*, *Xinzo*, *Ginzo*, *Guinzo* (1752)”. A mesma autora, finalmente, cita os problemas que rodean a orixe do nome *Xinzo*, neste caso o mariñao: despois de indicar que Bascuas (2002) o pon como mostra de “portador dun sufixo moi frecuente en formacións prerromanas”, tamén formula a hipótese de estar en realación cun “uilla Genitio” detectado nos inicios do século XI en Celanova, moito embora o agardado tivese de corresponder a “un xenitivo e non un caso acusativo, como o que presenta o testemuño medieval *Genitio*”; parecida hipótese é a exposta igualmente por Cabeza Quiles (2008: 323, 570) cando refire un “nome persoal latino *Genecius* ou *Genicius*” como base do topónimo.

3.1.9. *Mugua*

Muxía (< posibelmente de *mongia* ‘lugar en que hai monxes’; cf. Cabeza Quiles 2008: 430-431, que se basea, entre outras informacións, nas contidas en MAS, 350, r., onde aparece “monxia”) é o nome dunha freguesía (*Santa María*) e dunha vila da Costa da Morte, coñecida pola famosa romaría tradicional que alí se celebra desde a Idade Media e por corresponder, na realidade, ao final das peregrinacións europeas cara ao occidente²⁵. O topónimo aparece na época medieval rexistrado como *Mugia*, conforme se le nun documento de 1234 en que figura “hereditatem que est in Sancto Felice de **Mugia**” (CODOLGA, s.v. *mugia*) ou aínda outro de 1334 onde aparece “Item mando a Santa Maria de **Mugia** C sl” (ITGM, s.v.

²⁵ Lembremos a este propósito a obra *Voaitge de Nopar; signeur de Caumont a Saint Jacques en Compostelle et a Notre Dame de Finibus Térrae*, do ano 1447.

Muxía). No DN figura a freguesía de *Santa María de Muguía*, localizada, loxicamente, na provincia de Santiago, ao paso que na obra de Espinault Garcia (1775, II: 56) se documenta un *Muguía* “en Tierra Firme”, adscrito á provincia da Coruña, e un outro *Santa María de Muguía*, integrado na demarcación santiaguesa, de onde o tomou Villarroel para o seu *Diccionario*.

3.1.10. Pangon

A mudarmos de provincia xa na época de Villarroel, pasamos do territorio de Santiago para a administración de Tui e encontramos a freguesía de *San Xoán de Panxón* (< *PANDIONE²⁶ quizais relacionado con PANDUS, -IS, ‘dobrado’, ‘inclinado’, ‘torto’) no concello de Nigrán. En 1810, o responsábel polo DN dá a entrada á forma *Panjón*, adscrita ao mesmo santo (p. 132) e relativamente común noutros traballos de cartografía anteriores e posteriores (cf. Vilar Pedreira 2010), ben como en diferentes documentacións recollidas en Navaza (2012: 173) en que se atestan “algunhas mostras da confusión de <g>, <j> e <x> nos séculos XVI e XVII, tomadas de documentación galega do Arquivo Histórico Nacional de Madrid”. E Villarroel tamén colixe *Pangón*, localizándoa na provincia tudense, posibelmente adaptación a partir do topónimo hibridizado coa pronuncia do [x] español²⁷ xa incluído anteriormente na obra de Espinault Garcia (1775, II: 108). Na época medieval aparecen frecuentes documentacións de “uillas Zellaria et **Pandion**”, “uillas Zetaria et **Pandion**”, “uilla **Pandion**”, “casalia in **Pandion**” ou até “uilla mediana iuxta **Pandion**” nun percurso cronolóxico que vai desde

finais do século IX até ben entrado o século XIII (CODOLGA, s.v. **pand**).

3.1.11. Punguin

Con *Punxín* (< *PULEGINI, xenitivo de PULEGINUS ‘que contén PULEGIUM ou *poexo* ou relativo a el’)²⁸ identifícase na actualidade un concello da área do Carballiño e desta forma gráfica é como figura no DN, a localizar na provincia de Ourense a freguesía de *Santa María de Punxín* (p. 148). E *Punguín*, a versión con gueada, tamén se acha lematizada no diccionario de Villarroel adscrita sen máis datos á provincia de Ourense (p. 148), de idéntica maneira a como foi recollida por Espinault Garcia (1775, II: 161). Segundo acontecía noutros casos sinalados anteriormente, a conexión entre nomes de lugar e antropónimos de orixe topónimica é frecuente no ámbito da onomástica, de forma que a variante pseudocastelanizada *Punjín* figura como apelido no sur do país, particularmente en Viana do Bolo e en Vigo (véxase CAG, s.v. *Punjín*). Na época medieval, coa expectábel forma *pungin*, xa se documenta con ambas as responsabilidades: en 1222 hai constancia dun “Joanes **Pungin**” e en 1252 recóllese a referencia a un home dito “Dominicus Iohannis de **Pungin**” (CODOLGA, s.v. *pungin*).

3.1.12. Santa Euguía

O étimo SANCTA EUGENIA deu orixe ao haxiotopónimo *Santa Uxía*, que na actualidade se encontra espallado por diversas zonas da nación, embora cunha maior frecuencia na faixa occidental (cf. TNG, s.v. *Uxía*), onde se documenta como nome de lugar e/ou de freguesía.

²⁶ Aínda que posibelmente non teña relación con este topónimo, debe citarse o antropónimo *Pandión*, rei mitolóxico da cultura helénica identificado cun dos monarcas de Atenas e famoso por ser o pai de Progne. Por seu turno, en finais do século XIX, Santiago Gómez (1896: 73) acudía igualmente á cultura grega para procurar o étimo de *Panxón*: “Muchas de éstas [localidades da rexión de Vigo] conservan los antiguos nombres griegos: *Panjón*, nombre de una aldea inmediata á Vigo, situada en una legua de tierra larga y estrecha del litoral donde está Monte Ferro, viene de *Pan-jonio*, según llama Pausanias á las colonias griegas del Asia Menor”. Finalmente, tamén existen outras explicacións etimolóxicas máis audaces para o étimo de *Panxón*, como a consistente en atribuír a súa orixe a unha suposta vinculación co gaélico irlandés: “Na toponimia gaélica, a palabra BUN, ‘base’, ‘fondo’, adquiriu o significado especial de ‘boca de río’. Ás veces, vai seguida dun adxectivo, como en BUN BEAG, ‘boca pequena de río’, anglicanizada como BUNBEG. E outras veces vai seguida dunha palabra que signifique ‘río’ ou ‘regato’, como BUN NA HABHANN OU BUN NA HABHNA, anglicaniizada como BUNNAHOWEN. Como xa observamos en moitos outros topónimos, é habitual que se perda o artigo, neste caso, NA, quedando así o topónimo que dá o seguinte resultado: BUN HABHANN > PANJON”. Cf. GAEL, s.v. *Panjón/Panxón*.

²⁷ Como curiosidade, temos de sinalar a existencia dos substantivos *panga* e *pangón*: o primeiro referencia un tipo de barca de poucas dimensións empregado en certos países de Centroamérica e Suramérica (cf. DLE, s.v. *panga*), en canto o segundo é utilizado de maneira a dar conta duns utensilios das redes para os labores da pesca, tamén en Centroamérica (cf. ENS).

²⁸ Un nome relacionado con este parece ser o das *Punxeiras*, na freguesía de Ortoño, Ames, para o cal López Boullón (2019: 86) di que pode corresponder ao “resultado galego do latín PULEGIARIA, derivado de PULEGIU ‘poexo, poexos’ [...]. O significado de *Punxeira* sería ‘lugar onde abundan os poexos’”.

As formas con que aparece primeiro no *Diccionario* de Espinault Garcia (1775, II: 226) e despois no DN (p. 168) son variadas: en primeiro lugar, figura recollida na súa forma culta e/ou equivalencia española, isto é, *Santa Eugenia*, localizada na provincia de Betanzos; en segundo lugar, tamén se constata a través da posibilidade *Santa Euxéa*, agora adscrita á administración provincial lucense; e en terceiro lugar, Villarroel inclúe a variante *Santa Euguía*, ofrecendo Santiago como a provincia en que se documenta a realización gueadófono. Actualmente, o antropónimo *Uxía*, variante máis popular e evoluída de *Euxenia*, ‘a ben nada, a de bons xens’, é un dos nomes de muller con máis suceso na Galiza, que conta, en agosto de 2024, con máis de 4.420 rexistros (cf. GNG, *s.v. Uxía*). Na Baixa Idade Media, entre outros, xa hai constancia de nomes que preludian a forma galega actual, como “Nidum de **Ougia**” nun documento 1205, “Santa **Ougea**” noutro texto de 1266 ou “Sancte **Ougea** de Mougaans” nun escrito do ano 1362 (CODOLGA, *s.v. *ougia**, **ugea**)

3.1.13. *Seigas*

Máis un nome que aparece con gueada no traballo de Espinault Garcia (1775, II: 237), de onde se proxeitou no DN (p. 171), é a freguesía de *San Pedro de Seigas* (< *seixas*, feminino plural de *seixo* < SAXUM ‘pedra’, ‘rocha’) na provincia de Betanzos. Nese mesmo territorio, igualmente, figura incluída unha outra demarcación relixiosa identificada como *San Pedro de Seixa*, ao paso que na provincia de Lugo o autor do DN recolleu unha entidade chamada *Seixas* (p. 171). O topónimo de que estamos a falar, frecuente por toda a xeografía galega, aparece en rexistros medievais quer grafado como *seixas*, segundo se le nun documento de 968 onde pon “serra de **Seixas**” ou noutro de 1185 en que consta unha freguesía que contén un “Sanctum Petrum de **Seixas**” (CODOLGA, *s.v. seixas*), quer como *Sexas* xa desde finais do século X, conforme figura nun documento do ano 1124, en que se le “sanctus Iacobus de Goirit sancta Eolalia de Romani sanctus Mames de Olarios sanctus Petrus de **Sexas**” (ITGM, *s.v. seixas*); tamén existen mostras da forma *Xeixas* a facer parte de antropónimos,

segundo se acha en textos da segunda metade do século XV, nos cales hai varios exemplos dun home “dito Vasco das **Xeixas**” ou “Vasco das **Xeyxas**” (ITGM, *s.v. seixas*). Por súa vez, *Seijas*, pseudoespañolización de *Seixas*, corresponde a un antropónimo bastante presente no territorio galego, nomeadamente na metade setentrional e, dentro desta, na actual provincia de Lugo (véxase CAG, *s.v. seijas*).

3.1.14. *Sigurei*

Sigurei e *Sijirey*, recollidas por Espinault Garcia (1775, II: 245) e Villarroel (DN: 174) (< *SIGEREDI, xenitivo do antropónimo xermánico SIGEREDUS, coa base -REDUS, ‘consello’; cf. Piel 1989: 164; Cabeza Quiles 2000: 189), parecen ser dúas variantes ortográficas españolizadas do mesmo topónimo que o eclesiástico sitúa na provincia lucense, como variante tamén semella ser o nome *Sesirey*, igualmente pertencente a Lugo (DN: 173). Porén, en harmonía co apuntado máis acima, a pronuncia con velar [x] non debía de resultar fácil de articular para os galegos e as galegas da época, de aí que tamén apareza unha freguesía na mesma entidade provincial identificada como *San Pedro de Sigurey* primeiro por Espinault Garcia (1775, II: 245) e despois por Villarroel (DN: 174), hoxe en día oficializada como *San Pedro de Sigurei* e situada no concello oriental de Baralla. No tocante a outras documentacións, a forma *Sigurey*, bastante infrecuente en calquera das súas versións, dá nome a un lugar na raia con Portugal, rexistrado no artigo XII do *Tratado de Limites entre Portugal e Espanha* (véxase TL) de 1864²⁹; por outro lado, aínda que non figure na CAG, sábese da súa presenza como apelido na área de Trazo-Ordes (A Coruña), onde tamén se rexistra o nome con palatalización na sílaba inicial *Xixirei*, antropónimo de orixe toponímica proveniente do nome dunha aldea da freguesía de Xavestre. A nos deslocarmos para a Idade Media, non son descoñecidas atestacións equivalentes para o topónimo que nos ocupa, segundo corroboran un exemplo do ano 910 “Eriga **Segeredi**”, outro de 978 “hos terminos et suos antiquos limites et **Segeredi** cum Desterici” ou mesmo outro do ano 1122 que fai referencia a un “Menendus **Segeredi**” (CODOLGA, *s.v. *seger**).

²⁹ Por iniciativa da raíña española Isabel II, comezouse a definir onde estaban as fronteiras entre os estados español e portugués, un asunto nin sempre historicamente clarificado. Isto foi posíbel grazas ao *Tratado de Limites entre Portugal e Espanha* de 1864, asinado polo duque de Loulé, Jacinto da Silva Mengo, en representación portuguesa, e o marqués de la Ribera e Facundo Goñi, delegado da comisión española; cf. Sánchez Rei 2022: 33-39.

3.1.15. Outras posibles mostras de gueada

No entanto, nin sempre fica nitidamente claro estarmos perante topónimos rexistrados con pronuncias gueadófonas. Para alén das mostras da sección anterior, citamos a seguir algúns nomes que, coa necesaria cautela que se demanda nestes casos, talvez poidan ser interpretados como mostras de realizacións con oclusiva e aproximante velares. O primeiro que imos comentar é *Curagueiras*. O nome *Curuxeiras* (con outras formas, cal *Cruxeiras*, *Coruxeiras*) representa un zootopónimo frecuentemente documentado na xeografía galega para referir a existencia de entidades populacionais, terras de cultivo e terras de labor (véxase GN, *s.v. curuxeiras*, *coruxeiras*, *cruxeiras*). As súas primeiras documentacións como nome de lugar remontan ao ano de 1011 a través da forma *Curugeira*, conforme se sinala Ares Vázquez (2011, I: 602); por súa vez, a primeira atestación da variante *Corugeiras* de que se ten noticia parece datarse nun texto do ano 1155 ao falar de “duos montes Salguiras prope et **Corugeiras**” (CODOLGA, *s.v. corugeiras*). No tocante á súa etimoloxía, dáse, en xeral, por escura ou pouco clara; porén, tanto Ferreiro (1997, II: 32) como o mesmo Ares Vázquez apuntan a posibilidade de provir dunha voz de orixe onomatopeica. Sarmiento, por seu turno, recollía en meados do século XVIII o topónimo *Currugeira* (en Pensado 1997a: 101). A súa popularización en *Crugeiras* ou *Crujeiras* (con [x]) tamén se coñece como apelido, particularmente nas localidades costeiras da actual provincia de Pontevedra (véxase CAG, *s.v. crugeiras*, *crujeiras*). Neste sentido, a partir dunha variante con [x] *Curugeiras* puido xurdir a súa adaptación con gueada en *Curugueiras*, con [g], de onde, talvez por unha má interpretación do vocalismo pretónico ou por un simple erro grafemático, se chegou a documentar a forma *Curagueiras*, entidade rexistrada en Ourense polo DN (p. 62), e mesmo a variante *Curajeiras* (Lucas Labrada 1804: 217), adscrita ao partido xudicial de Ourense. Similar explicación baseada nun deficitario proceso de transmisión talvez sexa a que sirva para explicarmos un *Corrugueiras* (DN: 58), igualmente adscrito á provincia de Ourense e xa incluído por Espinault Garcia (1775, I: 58) no seu traballo.

E en segundo lugar, expomos o caso de *Xende* (< xenitivo GENDI, do antroponímico xermánico GENDUS), que aparece en diversas áreas da Galiza, nuns casos para nomear terras de labor e noutros para identificar entidades populacionais (véxase GN, *s.v. xende*); nun texto de 1261 xa se rexistra unha “uilla de Gende”, segundo expón Ares Vázquez (2011, II, 937). Por súa vez, o topónimo *Guende* tamén se documenta no territorio, até nunhas proporcións maiores que o caso anterior, a sinalar correntes de auga, terras e núcleos habitacionais (véxase GN, *s.v. guende*). E así é como se lematizou no traballo de Espinault Garcia (1775, I: 307), de onde o tomou Villarroel para o DN (p. 85): “Guende, Lugo. Caxa, Monforte de Lemos”. A noso ver, á falta doutra opinión máis plausíbel, as modernas atestacións deste *Guende* poden provisoriamente pórse en relación con máis un caso de gueada.

3.2. Nomes de lugar con presenza da aspirada laringal ou fricativa velar

Segundo foi sinalado anteriormente, o autor salmantino permite a entrada no seu traballo a casos de geadas que uns anos atrás xa contaran coa aprobación toponomástica de Espinault Garcia (1775). Temos de notar que, do punto de vista cronolóxico, a geadas xa fora indirectamente recollida por Sarmiento nos nomes de lugar, quen no ano 1745 comentaba, xunto ás “torres de *Mens*”, “*Carballido*” ou “*Ponte Cesó*”, o coñecido como “monte *Nerija* o *Neriga*” (en Pensado 1997b: 74), isto é, *Nariga*, coa palatalización da vogal átona [a > æ / ε] característica de varias rexións do territorio galego, entre elas as áreas de determinados falares da Costa da Morte (cf. Fernández Rei 2003: 39-40).

3.2.1. Arnejo

A forma *Arnego*, talvez vinculada a un étimo prelatino *ARN- ‘auga’ presente noutros nomes frecuentemente identificados como hidrónimos (cf. *Arneiro*, *Arneiros*, *Arnado*, *Arnadelo*, *Arnela*, *Arnoia*, *Arnois*, *Arnosa*, *Arnufe*, *Arnuíde* etc.)³⁰, serve, como mínimo, para identificar dúas realidades onomásticas: por un lado, nomea un afluente esquerdo do río Ulla, cuxa

³⁰ Como curiosidades semánticas, citamos o caso do dicionario de Luís Aguirre del Río, que en 1858 definía o nome *arnejo* como “desesperación terrible” (DdD *s.v. arnejo*). Do punto de vista etimolóxico, tamén existe a voz *arnal*, normalmente asociada a un tipo de lagarto e a unha especie de toxo, que figura recollida en dicionarios clásicos e contemporáneos de galego. Cf. DdD, *s.v. arnal*; DRAG, *s.v. arnal*.

primeira documentación provén dun texto do ano 572 en que se fala dun “Arnego flumen” (Ares Vázquez 2011, II: 1211); por outro lado, refire a freguesía de *Santiago de Arnego*, igualmente na Terra do Deza. O topónimo figura na súa forma expectábel na obra de Espinault Garcia (1775, I: 73) e na de Villarroel para localizar a advocación relixiosa de *Santa María de Arnego* (DN: 17), tamén na rexión dezá, mais encóntrase coa variante geodófono precisamente na anterior freguesía: *Santiago de Arnejo* (Espinault Garcia 1775, I: 73; DN: 17). Fóra desa área, os autores recollen un outro *Arnexo* (Espinault Garcia 1775, I: 73; DN: 17) na provincia de Lugo, exemplificando, conforme o visto máis arriba, unha presumíbel galeguización da variante con geada ou quizais unha pronuncia con [x] a teor do comentado para a grafía do español naquela altura (véxase 3.2, *supra*). Outras fontes documentais tamén compilan o nome co fonema oclusivo velar, tal e como se acha na obra de Labrada (1804: 11), que, a sinalar o nacemento do Ulla, explica que no Condado de “Borrageiros” (véxase 3.1.2) “se le unen por la parte del norte los Ríos Pambre, y Furélos; y como una legua mas abajo del confluente con éste se le une por el mediodía el Río Arnégo”.

3.2.2. *Berdiogas*

No momento en que Villarroel daba a estampa a súa obra, o fitotopónimo *Berdeogas* (< *VITREOLAS ‘parietarias’; cf. Pensado 1999, I: 266; Lema Suárez 2022: 198) servía para identificar unha de tantas freguesías consagradas a Xacobe de Zebedeo “O Maior”, *Santiago de Berdeogas*, que o autor localiza na provincia de Santiago a través da variante *Berdiogas*, isto é, acentuando a distancia fónica entre os membros do hiato e rexistrando a pronuncia con fricativa velar [x] (DN: 27). Algún tempo atrás, as lematizacións e informacións sobre a presenza da geada neste topónimo fornécennos datos que non coinciden: así, caso nos fiásemos polo que figura nas *Memorias* do arcebispo de Compostela, xa se rexistraba o acontecido cos fonemas vocálicos, mais non así coa documentación da consoante velar, que, polo menos aparentemente, mantíña a realización como oclusiva ou aproximante; o texto de Jerónimo del Hoyo, pois, permite ler un *Santiago de Berdiogas* (MAS: 359, r.) a par dun outro *San Pedro de Berdiogas* (p. 359, r.). Polo contrario, un século e medio longo máis tarde Espinault Garcia (1775, I: 110) xa inclúe o nome coa mesma vestimenta ortográfico-fonética do

que Villarroel, de onde o adoptou para o DN.

3.2.3. *Caldeverjazos*

Por outra parte, no DN e no dicionario de Espinault Garcia (1775, I: 140) figura recollido o topónimo *Caldeverjazos* (en que se achan as formas CANAL ‘cal’, ‘canle’, e VIRGATIUS, derivado de VIRGA ‘verga’, ‘vara’; cf. Ares Vázquez 2013, II: 1128) identificado na provincia de Santiago (DN: 37). Como no caso anterior, a presenza da geada neste nome poucas dúbidas suscita a termos en conta, en primeiro lugar, o uso de <j> e, en segundo lugar, cun valor rotundamente máis clarificador, os datos referidos á “Jurisdiccion de Caldebergazo” na obra de Labrada (1804: 214), igualmente atribuída á administración provincial de Santiago cun total de 1700 veciños e veciñas; nótese, igualmente, a presenza na provincia de Lugo dunha outra toponimia transcrita no propio DN como *Vergaza*, localizada na capital da provincia (p. 192), e tamén da freguesía de *San Fiz de Bergazos* (p. 27). Alén destes testemuños e fóra da faixa occidental da Galiza, hai constancia do lugar de *Vergazas*, no concello celanovés de Gome sende (véxase TNG, s.v. *Vergazas*), topónimos equivalentes a outros xas atestados nos textos tabeliónicos medievais: en documentos da segunda metade do século X lemos mostras tales como “uilla *Uergazos*”, “terminos de *Uergazus*” etc., ao paso que tamén hai constancia de nomes cal “quinbione de *Uergazas*” ou “grangiam de *Vergazas*”, estes xa pertencentes a instrumentos de 1188 e 1226, respectivamente (CODOLGA, s.v. **ver**).

3.2.4. *Cortejada*

Na Galiza actual, *Cortegada* (< CORTICATA, nome quizais relacionado con CORTICATUS, derivado de CORTEX, -ICIS ‘cortiza’, ou con CORS, CORTIS, de COHORS, COHORTIS ‘currel’, ‘corte’), dando nome a unha illa no Mar da Arousa xa recollida desde os albores da colonización da Gallaecia na obra do cronista romano Plinio o Vello (23-79 d.n.e.; cf. Ares Vázquez 2011, I: 638), aparece igualmente como topónimo para referir un lugar, unha freguesía e un concello practicamente limítrofe entre as provincias de Ourense e Pontevedra con Portugal. Desta maneira figura recollido no DN (p. 58), indicando a que corresponde á demarcación provincial ourensá. Tamén desa forma consta nos documentos medievais, como se pode ler nun texto de 1457 en que se sinala o labor de “Fernã Tovío e Juã de *Cortegada* e Martín de Toriz e Pero de Toriz” como testemuñas nun proceso (ITGM, s.v.

cortegada). Porén, o mesmo dicionario recolle a forma con pronuncia geadófona *Cortejada* (p. 58) tanto para o lugar e vila ourensáns canto para outra entidade localizada nesta ocasión na provincia de Betanzos, práctica xa detectada no traballo de Espinault Garcia (1775, I: 221).

3.2.5. *Jaibor*

Noutra orde de ideas, *San Xiao de Gaibor* responde ao nome dunha freguesía lucense pertencente ao moderno concello chairego de Begonte. Figura documentada por Espinault Garcia (1775, I: 286) e por Villarroel (DN: 80) como *Gaybór*, adscrita á provincia de Lugo, o que non levanta problema ningún, mais tamén se acha recollida coa forma *Jaibor*, localizada igualmente en Lugo por ambos eses autores (Espinault Garcia 1775, I: 333; DN: 90)³¹; a poucos quilómetros de alí, tamén parece ter habido constancia dun caso similar no tocante á pronuncia con [x], caso acreditásemos nesa realización para a forma *Jeteris* por *Guitiriz*, segundo puido recoller o reverendo inglés Edward Clarke (1730-1786) no ano 1760 (en García Blanco-Cicerón 2006: 215-216). Segundo Ares (1982: 102) e Martínez Lema (2018: 48-49), o étimo remontaría a unha forma (UILLA) GAUIOLI, xenitivo do antropónimo latino GAUIOLUS, de significación escura, quizais emparentado con GAUINA ou GAUENA, ou mesmo con GAUIA ‘gaivota’; tampouco se debe rexeitar con moita rotundidade a súa relación con CAUELA, diminutivo de CAUEA, ‘cova’ (Cf. DELP, III: s.v. *cauea*). Como quer que sexa, e conforme Martínez Lema, a forma *uilla Gaioli* aparece en documentos da Alta Idade Media: “uilla Gaioli cum aiacenciis suis” (do ano 966), ou “in Boconti uilla Gaioli” (c. 971). Variantes xa máis próximas da situación fonética actual son *Gayuol* (no ano 1405), *Gayuor* (en 1433) ou *Gaybol* (en 1480), entre outras. Tamén hai constancia dun home coñecido como “Lopo Ares de **Gaiuor**” (TCM, 317) e outro dito “Gonçalo Ares de Gaibor” en 1517 (ITGM, s.v. *gaibor*).

3.2.6. *Joyán*

En varios documentos medievais, datados nos séculos XII-XIII, aparece o topónimo *Goian*

(< GAUDILANUM, de *GAUT + ILANE ‘godo’; cf. Cabeza Quiles 2020: 89)³² para sinalar entidades populacionais ou mesmo a facer parte dun patronímico: “In **Goian** Casal daspeschas pausa” en 1100, “Petrus Pelagii Presbiter de **Goian**” e “Petro Pelagii de **Goyan**” no ano 1268 etc. (CODOLGA, s.v. *goian, goyan*). Hoxe en día tamén se acha dando nome a diversas realidades orográficas e habitacionais, algunhas en Tomiño, das cales unha recolle a antiga existencia dunha embarcación que unía as dúas marxes miñotas onde se sitúa a freguesía de *San Cristovo de Goián*. Quizais a ese mesmo *Goián* faga referencia a toponimia *Barca de Joyán*, localizada tanto por Espinault Garcia (1775, I: 92) como por Villarroel (DN: 21) na antiga provincia eclesiástica de Tui. A presumíbel pronuncia con geadá dese nome de lugar é a mesma que se mantén dous séculos despois para a área de Goián, zona ben singular na dialectoloxía galega ao se constatar alí a curiosa ditongación en [‘ε] > [‘ja] (cf. Pousa Ortega 2004).

3.2.7. *Joyanes*

Goiáns na faixa occidental do país ou *Goiás* na central (< *GAUDILANIS, xenitivo do xermánico GAUDILANUM, de *GAUT + ILANE ‘godo’; cf. Cabeza Quiles 2020: 89) corresponde a un nome dun posesor medieval que tamén se repite en varias ocasións no territorio como freguesía ou como lugar: *Goiáns* (rexión de Compostela), *Santo Estevo de Goiáns* (Bergantiños)³³, *San Miguel de Goiás* (Terra do Deza) etc. Precisamente, o primeiro que citamos, localizado no concello de Brión, figura recollido no DN transformado antietimoloxicamente canto á flexión en *Joyanes* (p. 90), ao paso que o segundo que expomos aparece lematizado como *Goyanes*, nome da freguesía dedicada a “San Esteban” e a “San Saturnino” (p. 82). Máis nunha ocasión, a sombra de Espinault Garcia volta a se detectar parcialmente na inclusión deses topónimos por parte de Villarroel, pois aquel autor tamén recolleu tanto *Goianes*, con <i>, como *Joyanes* (1775, I: 295, 335). Relativamente ás documentacións medievais, estas son claras no tocante ás atestacións sen sospeita de validaren pronuncias que puidesen

³¹ Repárese na aleatoriedade ortográfica para a representación do ditongo conforme atestar a geadá (<ai>) ou non (<ay>).

³² A propósito de nomes cunha posíbel base *Gaude*, Piel (1989: 145) recollía exemplos como “*Gaude-miro, Gaude-sindo, Gaud-engu, Gaud-ila, Gaud-illi/-il*” e terminaba esa pequena listaxe con estas palabras: “Repugna admitir que se trate aquí de nomes híbridos formados com o tema do lat. GAUDĒRE ‘gozar’”.

³³ A variante con que o nome máis se detecta é, actualmente, *Guaiáns*, con geadá ([xwæˈjãŋs] ou [hɣwæˈjãŋs]).

explicar sen geadá unha forma como *Joyanes*: así, nun documento de 1177, lemos “per suos terminos et loca antiqua, et uos datis mihi illam uestram hereditatem de villa **Goyaes** in Pistomarchos iusta litus maris quam habuistis de concambiacione de Sanio Petriz” (ITGM, s.v. *goiáns*), en canto nouro de 1457 achamos o topónimo a facer parte da identificación dunha persoa: “e Nuño Fernandes de Geemõdee Lopo de Jũqueiras e Lopo de Goyaes e **Johán Marino de Goyãas**” (ITGM, s.v. *goiáns*).

3.2.8. *Joiriz*

Santiago de Goiriz (< *GOIARICI, xenitivo do xermánico *GOAIRICUS ‘habitante poderoso’; repárese tamén na posibilidade *GUDERICI, xenitivo do antropónimo xermánico GUDERICUS, quizais relacionado con *guts*, *guta* ‘godo’; cf. Martínez Lema 2008: 157)³⁴ dá nome a unha freguesía do concello de Vilalba, na provincia de Lugo, famosa pola arquitectura seiscentista do seu cemiterio. Tamén se rexistra desta forma nas páxinas de DN, localizado na vella demarcación provincial lucense da altura (p. 82). A vacilación tímbrica nas vogais átonas a que se fixo referencia nas páxinas precedentes tórnanse suficiente para explicar a variante *Goeriz* (p. 81), situada en Lugo por Villarroel, aínda que sen indicar a freguesía. Porén, xunto a estes topónimos, achamos a variante *Santiago de Joyriz* primeiro en Espinault Garcia (1775, I: 335) e despois en Villarroel (DN: 90), recollida por ambos na provincia de Betanzos, que non parece ofrecer dúbidas canto á súa pronuncia. Relativamente a atestacións máis antigas, nun documento dos inicios do século XII pode lerse “sanctus Iacobus de Goirit” (ITGM, s.v. *Goiriz*) e en finais do século XV aparece cunha vestimenta máis próxima da actual: “Santiago de Guiris” (véxase ITGM, s.v. *Goriz*).

3.2.9. *Regenja*

Reguengo (< REGALENGU) é un topónimo que se repite con certa frecuencia na Galiza (véxase GN, s.v. *reguengo*), nuns casos sen artigo e noutros con el, tamén se rexistrando en

Portugal. O nome designaba orixinariamente un territorio ou un conxunto de terras que, desde finais da Idade Media até ao ocaso do Antigo Réxime, pertencía ao rei. A forma en feminino xa figura como topónimo nun documento do ano 1248, en que se le “do outro cabo ssu a **Regaenga**” (DELP, V: s.v. *reguenga*). Actualmente aparece un total de dezaseis nomes de lugar no territorio galego identificados como *Reguenga* ou *A Reguenga*, un na provincia de Pontevedra, sete na de Lugo e oito na de Ourense. Precisamente, un destes ourensáns parece que era pronunciado con geadá en finais do século XVIII e nos inicios da seguinte centuria a teor da súa documentación como *Regenja* por Espinault Garcia (1775, II: 179) e por Villarroel (DN: 153)³⁵; na liña do dito máis acima, nótese, a este propósito, que o primeiro autor documenta a forma *Reguengo*, sen pronuncia con fricativa aspirada laringal ou velar, na área de Lisboa (1775, II: 180), isto é, nun territorio totalmente ausente de realizacións geadófonas.

3.2.10. *Tamajelos*

A base hidronímica indoeuropea *TAMA- está ben representada na onomástica galega a través de notorios exemplos como *Tambre*, *Támega*, *Tameirón*, *Tamarela* etc. (Cabeza Quiles 2014: 481-484) e lévase emparentado con certa recorrencia co río inglés *Támesis* ou *Thames*. No concello de Verín existe unha freguesía coñecida como *Santa María de Tamaguelos*, así recollida por Villarroel (DN: 180)³⁶, a carón doutras variantes que revelan a presenza da geadá: desta forma, fica incluído no DN (p. 180) un topónimo *Tamajelos*, localizado en Ourense sen máis información, que posibelmente fose adaptado para unha pronuncia máis asumibelmente galaica a través da forma *Santa María de Tamaxelos* (p. 180; véxase tamén 3.2, *supra*), como antes fixera Espinault Garcia (1775, II: 262-263). Outros topónimos presumibelmente vinculados á base indoeuropea de que falamos máis acima son *Tamoga*, *Tamagón*, *Tamagós*, *Tamagoso*, *Tamallancos* ou *Tameiga*, igualmente lematizados no DN,

³⁴ Porén, as posíbeis orixes deste topónimo non están isentas de certa problemática. Martínez Lema 2008: 157, que se decanta por un étimo *Guderici*, sinala que o nome presenta “dificultades á hora de identificar o primeiro constituínte do nome persoal de que procede (pois o segundo é o xa comentado *rikaz ‘poderoso, rico’), ao paso que igualmente achega as opinións de Piel e Kremer, que tamén o poñen “en relación con *Goiaricus* e *Goericus*, formas nas que participaría o gótico *gauja* ‘habitante dun país’ ou ben *gawi* ‘país, rexión”.

³⁵ Cf. tamén Santamarina 1988: 93, que, xunto a outros topónimos, sinala a presenza de *Regenjo* en zonas de atestación da geadá.

³⁶ Non está sen exemplo unha variante *Tamagiuelos*, empregada por Barreiro de V.V. 1885: 23 para recoller as prácticas supersticiosas desenvolvidas no ano 1602 por parte dunha muller chamada Gracia García.

mais sen ningún elemento gráfico que faga supor a existencia da geadá en tales casos. No que di respecto á documentación medieval, lese nun texto de 1226 pertencente á colección diplomática de Montederramo unha secuencia que di “Oraca Petri de uno casario et est pronominato in **Tamagelos**” (CODOLGA, *s.v. tamagelos*), isto é, unha grafización <g + e> que debe interpretarse, na liña do exposto noutras seccións deste traballo (véxase 3.2.10) como a representación da oclusiva velar.

3.2.11. Mostras dubidasas

Xunto aos casos da sección anterior, que non parecen ofrecer problemas para a identificación de pronuncias geadófonas, contamos con outros exemplos en que non fica tan doadamente clara esa interpretación. Unha das causas asenta, en primeiro lugar, na utilización da secuencia grafemática <g + e>, uso que, se ben que suxire unha realización fonética confluyente con [xe] ou parecida con ela, tamén abre a porta a se poder entender como unha gralla ortográfica. A outra situación, en segundo lugar, ten que ver coa falta de correspondencia entre topónimos documentados no DN con <j> cunha nula ou difícil equivalencia desde a actualidade, para os cales pensamos como explicación en erros de transmisión.

a) No primeiro dos supostos, isto é, no caso da grafía <g + e>, as hipóteses para a explicarmos por unha má asimilación das regras máis elementares da ortografía do español poden dar conta deses usos, mais quizais non teñan de se xustificar de modo rotundo, sobre todo tendo presente que o autor, persoa formada en humanidades, debía de posuír un bon coñecemento das prescricións grafemáticas do latín e do castelán. Non é o caso equiparábel ao de notarios e escribas medievais que, nos momentos de hesitacións ao redixiren os textos tabeliónicos, podían botar man de <g + e, g + i> como posibilidade gráfica para [ge]³⁷. E tamén se non torna comparábel á situación de funcionarios

estatais de precaria ou escasa escolaridade que, cando escribían no único idioma oficial na altura nos séculos XVI-XIX, nin sempre podían asimilar sucesosamente as regras ortográficas deste³⁸. O máis probábel, a noso ver, é que a preitesía documental de Villarroel a respecto de Espinault Garcia estea detrás desas grafizacións e que, posibelmente con geadá ou con grallas, o autor non reparase nesas desafinacións ortográficas nin tratase de as emendar ao dalas por válidas.

Perante tal estado de cousas, no traballo de José de Villarroel aparecen algunhas desas mostras. A primeira é *Negeira* (< NUCARIA, ‘árbore das nocés’, con asimilación da vogal átona ao ditongo tónico), topónimo localizado na provincia de Lugo (DN: 121) previamente tamén por Espinault Garcia (1775, II: 66), e que talvez responda ao actual concello de *Nequeira de Muñiz*, así chamado desde o anos 1928/1929 como homenaxe a Antonio Muñiz Álvarez (1886-1956), emigrante retornado de Cuba que traballou por mellorar as condicións de vida das mulleres e homes da Terra de Burón. Sempre apelando á prudencia que estes testemuños merecen, a opción da pronuncia geadófona, en primeiro lugar, parece vir avalada pola circunstancia de outros topónimos con idéntico ou similar étimo seren lematizados sen esa posíbel realización aspirada laringal ou velar: así acontece coa freguesía lucense de *San Salvador de Nigueira* ou coa ourensá de *Santiago de Nigueiroa* (p. 122), en que a grafía non fai presupor necesariamente a consoante fricativa velar ou unhas pronuncias próximas dela. E en segundo lugar, a posibilidade geadófona viría tamén arroupada polo facto de varios autores citados por Fernández Rei (2003: 173-177), tales como Zamora Vicente, Santamaría Sande, Dámaso Alonso, García Yebra ou Fernández González, localizaren illotes de geadá en zonas do galego das serras orientais (Ancares, As Nogais, Cervantes etc.), o que parece suxerir con facilidade a idea de que nos primordios do século XIX, *Negeira*, caso

³⁷ Repárese nas edicións de Clarinda de Azevedo Maia e José António Souto Cabo, as cales ilustran sobradamente mostras desas prácticas nun período longo de tempo que vai desde finais do século XII até centos de anos máis tarde: *entergemos* DGP: 51 (ano de 1231), *Gilelmj* DGP: 62 (1247), *domiñez* DGP: 77 (1256), *algē* DGP: 79 (1256), *iohannis de gimiranes* DGP: 83 (1257), *rodrigiz* DGP: 88 (1257), *rygeiro* DGP: 88 (1257), *entregey* HGP: 246 (1282), *fregesia* HGP: 253 (1313), *gerra* HGP: 49 (1282), *Nogeira* HGP: 22 (1318), *freigesia* HGP: 288 (1404), *gisa* HGP: 289 (1404), *prouger* HGP: 261 (1448) etc.

³⁸ Por exemplo, a persoa responsábel polo texto do *Coto y Feligresia de Santa Christina dovisio* (CFV), redixido en 1753 no cadro dos traballos para a elaboración do chamado *Catastro do Marqués de Ensenada*, non tivo reparos en grafar *Ai* CFV: [7] ou *Ay* [p. 6] para a P3 do verbo *haber*, *avitables* [p. 7], *Basallaje* [p. 1], *cojen* [p. 3], *molineros arineros* [p. 4], *Perciven* [p. 1] etc.

corresponda efectivamente ao actual concello de Negueira de Muñiz, representaba máis unha área co citado fenómeno lingüístico.

O segundo caso que colocamos nestas páxinas corresponde a un *Nogeyra* (DN: 123) (<NUCARIA), tamén presente uns anos antes no traballo de Espinault Garcia (1775, II: 71). De maneira análoga á situación do *Negeira* anterior, o que nos fai mantermos a dúbida da posíbel pronuncia geadófona neste caso é a documentación doutros dezaseis *Nogueira* espallados polo resto do territorio que tampouco fan presupormos a pronuncia con aspirada laringal ou fricativa velar: *Nogueira de Abeleda*, *Nogueira de Anllo*, *Nogueira de Ramuin*, *Santa Maria de Nogueira* en Lugo, *San Salvador de Nogueira* en Tui etc.

E a terceira das posíbeis mostras de geadá é a protagonizada polo topónimo de Lugo *Sergeiros* (<*SIRGARIOS, de SIRGA, ‘corda para tirar dos barcos’, normalmente desde a beira dun río; cf. igualmente <*SERICARIOS, ‘comerciantes ou tecedores de seda’; cf. tamén un posíbel *SALICARIOS, Ferreiro 1997, II: 33, que ofrece este étimo en singular para a orixe de *Salgueiro*, nome dunha coñecida árbore, SALIX, que crece nas ribeiras dos ríos). Como acontece cos anteriores, o nome figura recollido en Espinault Garcia (1775, II: 341), de onte pasou para o DN (p. 172). Na documentación medieval aparece cunha notábel poligrafía: “illas per terminos de Onitio, et per terminos de **Sirgarios**” en 1064, “illo casali de **Sirgueros** cum sua adjectione” en 1108, “in Penales homines et hereditates, in **Sirgueiros** homines et hereditates” en 1133, “Ecclesiam de **Sirguyeros**” en 1185 ou mesmo “quos habet in Randar et in **Sirgeyros**” no ano 1227 (CODOLGA, sv. *sirr*). En meados do século XVIII rexístrase un *Silgueiros* nos materias do *Catastro* de Ensenada (CFV: [8]), ao paso que o propio DN recolle a freguesía de *San Juan de Sirgueiros*, hoxe pertencente ao concello oriental do Incio ou Oíncio; na demarcación municipal de Lugo tamén se acha o nome *Os Sirgueiros*, que igualmente pode candidatarse como equivalencia actual para ese *Sergeiros* do DN. Parece corroborar a hipótese dunha pronuncia con geadá o facto de noutras obras contemporáneas do DN se detectaren, embora con algunha gralla, presumíbeis alusións a tal topónimo; así, Lucas Labrada (1804: 221) dá conta na área “de el Yncio” dun lugar chamado “Sigeros”.

Nestes medios, temos de reparar en que este tipo de graficizacións que posibilitan as dúbidas sobre o modo en que se poderían escoitar eses

topónimos non é exclusivo, nin moitísimo menos, do dicionario de Villarroel, mais conta cunha relativa tradición documental. Así, no *Censo de población* da Coroa de Castela de 1594 e nas *Memorias* de Jerónimo del Hoyo de 1607, obras xa citadas anteriormente, detectamos “San Jurgo de augas santas” e “Partido de San Jurgo y Guisande” (CPCC: 33), en canto nas *Memorias* de Jerónimo del Hoyo achamos unha freguesía do arciprestado de Sobrado recollida nunha ocasión como *S. Gorge de Nugeira* (MAS: 398, r.) e, unhas páxinas máis adiante, grafada como *S. Jorje de Nugeira* (p. 401, r.).

b) Outros exemplos que queremos incorporar dan a impresión de proviren de lapsos gráficos, erros de transmisión ou de simples grallas. Un deles é *Queiruges*, en Ourense, así documentado tanto por Espinault Garcia (1775, II: 164) canto por Villarroel (DN: 149), para o cal non conseguimos achar topónimo ningún actual con que puidese estar relacionado. A única equivalencia que encontramos e que quizais poida estar vinculada é *Queirugás* (<*CARIOCALIS, ou *CARIOCANIS, do prerromano *CARIOCA, que designa o CALLUNA UULGARIS), fitotopónimo que identifica a freguesía consagrada a San Bartolomeu e que tamén aparece no DN como *S. Bartolomé de Quiroganes*. Pode tratarse dun erro de interpretación por *Queirugás*, aínda que na obra de Espinault Garcia (1775, II: 164) apareza unha entidade populacional tamén xeograficamente adscrita a Ourense grafada *Queiruges*. En traballos especializados actuais non achamos exemplo ningún desta variante (cf. GN, s.v. *queiruges*; Navaza Blanco 2006: 450-453).

Ao paso, unha transmisión deficiente tamén, mais agora de diferente índole, parece explicar a presenza en DN (p. 186) da freguesía de *Santiago de Trasparga* en Lugo, reproducida deste modo previamente por Espinault Garcia (1775, II: 290), e que talvez aneboe a equivalente e actual *Santiago de Trasparga*, tamén na chaira lucense. Quizais as características caligráficas do amanuense para o <p> de *Trasparga* fixesen que o responsábel pola imprensa interpretase que correspondía á secuencia gráfica <jo>, aínda que tal hipótese non deixe de ser unha suposición persoal.

c) Finalmente, aínda habería que falar doutros posíbeis exemplos de geadá. Neste sentido, o único topónimo da Galiza que se acha incluído na epígrafe “Rej.” no dicionario de Espinault Garcia (1775, II: 181) corresponde ao nome

Rejosende, de onde o tomou Villarroel (DN: 154); en ambas as obras, a localidade fica adscrita, sen máis informacións, á provincia de Ourense. Na actualidade, na freguesía de Soutochao, pertencente ao concello ourensán de Vilardevós, existe unha entidade populacional coñecida como *Rexosende* (cf. GN, s.v.), o que, aparentemente, parece dar a entender que a forma recollida nos dous dicionarios toponímicos de 1775 e 1810 se explica facilmente por unha tentativa de españolización do nome de lugar, tan frecuente, como sabemos, na altura.

Até aquí non habería problema ningún se non fose porque na prosa latina tabeliónica medieval dos séculos IX-XII hai documentos que insinúan que *Rexosende* podería ser unha adaptación galeguizadora das comentadas anteriormente (cf. *Ximarás*, *Ximarei* etc.). Con efecto, para alén de haber mostras de nomes onde figuran formal e claramente unha muller chamada *Recosinda* e homes coñecidos como *Recosindus* ou *Recosindo*, non se poden deixar de lado explícitas alusións xeográficas a un “terminu **Recosindi** usque in terminu Domnelli” nin tampouco un excerto no cal se le “et inde ad lamas, et inde per **Recosende** ad illo marco quod stat juxta vereda” (CODOLGA, s.v. **recos**). A orixe destes nomes podería procurarse no encontro do prerromano **REKU* ‘rego’ ou ‘regueiro coa adaptación da base xermánica *SINTHS* ‘camiño’, ‘expedición militar’ (cf. Piel 1989: 163).

A estes rexistros medievais hai que acrescentar un outro tipo de atestacións, agora máis recentes, que tamén dan a entender que a variante hoxe en día oficial ilumina un percurso fonético [g] > [x] > [ʃ]: en primeiro lugar, no *Diario Oficial de Galicia* (23/04/2002) figura recollida a *RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2002, da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, pola que se dispón a publicación do Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia*, en cuxo Anexo IV, contando os afluentes do Tamega, Mente e Moa, se cita a corrente de auga denominada “Regosende/Arzoa”. En segundo lugar, no texto oficial do *Diario de Sesións* do parlamento galego o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado Xosé Henrique Rodríguez Peña e da deputada Rosa Darriba Calviño, defendía unha proposición non de lei de maneira a solicitar a transferencia de competencias do Estado á Xunta para así se poder cooidar e atender mellor o patrimonio cultural e paisaxístico da fronteira entre a Galiza e Portugal; nese texto faise mención explícita

ao “río **Regosende**, en Vilardevós” (DS, 98: 47). E en terceiro lugar, hai constancia dun lugar coñecido como *Regasenda* no concello de Redondela (GN, s.v.) que se escoita, segundo afirma Sacau Rodríguez (2000: 194), a través de variantes como *Regasenda*, *Recasenda*, *Recasende* ou mesmo *Recesende*, este último presente noutras partes do país como en Baralla, Castroverde, Rianxo etc. (GN, s.v. *Recesende*).

O derradeiro exemplo de mostra dubidosa que imos citar provén da “Advertencia preliminar” que introduce o *Censo de poblacion de las provincias y partidos de la Corona de Castilla en el siglo XVI*, asinado e dedicado ao rei español en 1829 por Tomás González. Nela indícase que os nomes das vilas e cidades que figuran na obra dada a estampa en 1557 non foron alterados nin na forma nin na orde orixinarias. A consulta deses materiais fixonos detectarmos un coto identificado como *Belsejos* (CPCC: 39) integrado na provincia de Santiago, que, aparentemente, parece corresponder á actual freguesía da Vila de Cruces coñecida como *San Fiz de Besexo*. Neste sentido, nas obras de Espinault Garcia (1775, II: 222) e de Villarroel (DN: 191) figura o curioso topónimo *Veljejos*, igualmente adscrito a aquela provincia, que, á falta doutra hipótese explicativa máis convincente, e con todos os interrogantes precisos, dá a impresión de estar relacionado cun nome coa pronuncia [x] na segunda sílaba por influencia da españolización da terceira ([ʃ] → [x]).

4. Conclusións

Nun tempo en que o poder estatal tentaba a compilación e fixación formal dos nomes de lugar por motivos político-administrativos, varias foron as iniciativas que trataron de dar resposta a esas necesidades. Unha foi o *Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos, y prioratos de todo el reyno de Galicia...*, dado a lume polo salmantino José de Villarroel en 1810. O título tencionaba recoller onomasticamente a realidade demográfica e habitacional do país, mais tal propósito supuxo unha meta que ficaba lonxe de máis para ser alcanzada, debido ao altísimo número de topónimos que fan referencia ás entidades populacionais no territorio galego. Con efecto, se ben que unha notábel cifra de cidades, vilas, freguesías, aldeas, lugares e casais foi lematizada por Villarroel, moitos outros núcleos de población non conseguiron o parabén para seren incluídos no DN. O responsábel pola edición, que tiña en fronte de si unha organización administrativa e provincial distinta da

actual e uns medios absolutamente diferentes para a consecución dos seus obxectivos, só tivo en conta os nomes de lugar galegos que xa foran incluídos por Bernardo Espinault Garcia en 1775 na *Dirección General de Cartas en Forma de Diccionario, para Escribir a todas las Ciudades, Villas, Aldéas, Monasterios, Conventos, Santuarios, Caserías, Ventas, Cortijos, Dehesas, sitios y parages, aunque se hallen en despoblado, de toda España...* Os acertos e as imprecisións que se detectan no traballo de Villarroel están, por tanto, intimamente relacionados cos rexistrados nesa colección de finais do século XVIII.

Porén, a empresa de José de Villarroel, se contemplada desde a actualidade, resulta moito valiosa. Neste sentido, o texto –e tamén a obra de Espinault Garcia– erixese nun testemuño de especial interese sobre a realidade sociolingüística e dialectal do galego. Transloce con potente brillo como a única lingua oficial na época eclipsaba o idioma autóctone ao este ser secundarizado e maltratado non só dunha maneira xeral por toda a parte, mais tamén particularmente para representar os topónimos: o español proporcionaba un modo de compilar nomes de lugar alicerzado en costumes ortográficos foráneos e en prácticas lingüísticas nada coidadosas coa realidade da lingua, empregada de forma maioritaria por máis de 90% da poboación da Galiza na alborada do século XIX. Lembremos aquí a absoluta ausencia do galego nos ámbitos do ensino e da pesquisa académica, situación que só principiará a involucrar timidamente na segunda metade da centuria, cando os primeiros traballos lexicográficos e gramaticais comecen a ser publicados.

Polas propias circunstancias sociolóxicas en que sobrevivía o idioma, o DN compila topónimos que acusan fenómenos de natureza xeoloxical e popular, os cales serven para exemplificaren certa sorte de variación dialectal e diastrática. Algúns deses trazos coinciden no elemental coa situación dos nosos días, segundo se pode pensar para a distribución dos resultados das terminacións latinas -ANA e -ANU (*Cha* e *Chan*; *Chan* e *Chao* ou *Chau* etc.). Polo contrario, outros, se sobrepuxemos a imaxe do noso tempo acima da dos inicios do século XIX, infórmannos de a fotografía da lingua se modificar nalgúns aspectos; tal parece acontecer con varios exemplos de seseo prenuclear ou total rexistrados en topónimos do interior do país, como *Masaira* (Ourense) ou *Sereixa* (Lugo). Na verdade, nada ten isto de particular, pois a variación xecronolóxica representa un

universal detectábel en todas as linguas, mais si que posúe un valor acrecentado no caso da Galiza ao facilitar datos que unha inexistente literatura especializada na altura non podía proporcionar. Polas páxinas do DN, por tanto, e previamente tamén polas da obra de Espinault Garcia, participamos dun estado da lingua merecedor de toda a atención, e tamén somos testemuñas de a oralidade desempeñar un papel de relevancia na compilación de datos toponímicos; variantes como *Bértoa* e *Bertua*, *Carboeiro* e *Carbueiro*, *Carnoedo* e *Carnuedo*, *Moymenta* e *Muimenta* etc., nalgúns casos a identificaren o mesmo lugar, só poden ser explicadas pola excesiva reverencia que se fixo aos rexistros orais.

Eses rexistros permitiron que, ás veces, os fenómenos da gueada e da geadá, uns dos máis recorrentes temas dos estudos de variación lingüística galega, conseguisen ter representación escrita nas formas lematizadas por Espinault Garcia e por Villarroel: *Borragueiros*, *Frigue*, *Guances*, *Guinzo* etc. / *Cortejada*, *Jai-bor*, *Joyanes*, *Tamajelos*, etc. Naturalmente, nos inicios do século XIX ambos os trazos lingüísticos estaban ben asentados vertical e horizontalmente nas case 1.400.00 persoas naturais da Galiza, mais só nun contado número de ocasións tales características fonéticas deron dobregado a rixidez da escrita e foron representadas dunha maneira que case poderíamos considerar máis ou menos “oficial” no DN. Somos cientes de os dous factos fonéticos posúen unha presenza notábel tanto vertical canto horizontalmente, na altura quizais ben máis ampla do que a actual, e de que tamén ambos coñecían un forte rexeitamento por parte da sociedade. Por iso, a circunstancia de penetraren nos topónimos dota esas pronunciacións dun valor particular que dá conta non só dunha evidente existencia desas realizacións, mais igualmente dunha vitalidade merecedora de ser ponderada nos lugares que refiren os topónimos.

Outro dato para considerarmos é o protagonizado pola época en que se atestan estes testemuños. Cando ambos os fenómenos apareceron, e especialmente a geadá, é unha pregunta para a cal non existe unha resposta unánime. Como quer que sexa, do que non parece haber dúbida é de que no derradeiro cuartel do século XVIII xa se podían escoitar pronunciacións geadófonas polo facto de Espinault Garcia recoller nomes de lugar grafados con <j> que, en coherencia co exposto aquí, tamén serían aproveitados por Villarroel en 1810.

Relativamente á vitalidade de que falabamos antes, un dos obxectivos que marcabamos ao inicio destas páxinas era podermos verificar se se produciron mudanzas na atestación da geadá ao compararmos os primordios da Idade Contemporánea coa situación xeolectá da nosa época. Para tal propósito, recolleamos nas tabelas a seguir as nosas impresións, produto do confronto entre os datos que figuran no DN e as investigacións dadas a lume no ALGA (1999: 204-207, *s.v. figado, chegar, agulla*) e en Fernández Rei (2003). Deste modo, pode apreciarse que, embora non dunha maneira substancial, a realidade geadófona das persoas galegofalantes nos comezos do século XIX dá indicios de condicir coa do noso tempo, conforme se aprecia na tabela I:

Topónimo	Registro no DN	Pronuncia actual (ALGA 1999, Fernández Rei 2003)
		Geadá
Arnego	Arnejo	+
Berdeogas	Berdiojas	+
Besexo	Veljejos	+
Cortegada	Cortejada (Ourense)	+
Cortegada	Cortejada (Betanzos)	+
Gaibor	Jaibor	+
Goián	(Barca de) Joyán	+
Goiáns	Joyanes	+
Goiriz	Joiriz	+
Pangón	Panjón	+
Regosende, Rexosende	Rejosende	-
Reguenga	Regenja	+
Tamaguelos	Tamajelos	+
Vergazos	(Calde)verjazos	+

Tabela I. Detección da geadá en topónimos compilados no DN e a súa comparación coa realidade actual da lingua no tocante á presenza do fenómeno

Máis complicado se torna demostrarmos a presenza da geadá con outros aparentes exemplos, pois en tales circunstancias non se pode verificar se estamos diante de casos de pronuncias con velar ou con aspirada laringal ou se estamos perante lapsos ortográficos de <g + e> en vez de <gu + e>. De calquera modo, caso fosen mostrás de realizacións geadófonas, a súa correspondencia coa época actual non se mantén en todos os casos, conforme se sinala na tabela II:

Topónimo	Registro no DN	Pronuncia actual (ALGA 1999, Fernández Rei 2003)
		Geadá
Besexo	Veljejos	+
Negueira	Negeira	-
Nogueira	Nogeyra	+
Sirgueiros	Sergeiros	-
Queirugues	Queiruges	?

Tabela II. Casos dubidosos da geadá en topónimos compilados no DN e a súa comparación coa realidade actual da lingua no tocante á presenza do fenómeno

Finalmente, como derradeira idea para a reflexión, temos de notar que os datos lingüísticos sobre a geadá recollidos no ALGA e en Fernández Rei son totalmente veraces, mais parten de investigacións desenvolvidas en finais dos anos setenta do pasado século. De aí que se torne inevitábel formularmos a pregunta de se na actualidade esas coincidencias entre a documentación das pronuncias geadófonas coas do noso tempo se poden defender sen maiores conflitos. A resposta a tal cuestión, dentro da consabida prudencia, obriga a pensarmos que a situación entre 1810 e os nosos días, pasando pola década de 70 do século XX, experimentou mudanzas xecronolóxicas e lingüísticas. Por un lado, contamos con traballos que sinalan como a geadá tende a ir recuando na súa extensión, nomeadamente na actual provincia de Lugo, conforme resumiu Fernández Rei (2003: 167-173), onde se indica que en cuestión duns anos as pronuncias geadófonas desapareceron ao comparar as xeracións máis idosas coas máis novas. Por outro lado, tamén podemos corroborar a total ausencia de geadá en zonas en que tanto en 1810 canto en finais do século XX era unha realidade dialectal doadamente atestábel: estamos a nos referir a zonas da Terra Chá lucense, onde, pola observación persoal que fomos capaces de facermos a individuos que moran nesa área, non se detecta hodiernamente ningunha pronuncia con aspirada laringal nin con velar en lugares como A Abeladoira, Euriz, Donalbai, Gaibor, Outeiro de Rei, Penas de Rodas, Rábade, San Fiz de Paz ou mesmo noutras entidades populacionais da zona. Esta impresión harmoniza co exposto por Martínez Lema (2018: 9), autor para quen as realizacións aspiradas ou velares nos concellos de Begonte e Rábade constitúen “un trazo en franco retroceso”.

Concluimos subliñando de novo un par de ideas principais. A primeira pon de manifesto a relevancia de determinados textos doutras épocas, aínda non total nin debidamente inseridos na maquinaria político-administrativa do Estado, no sentido de nos proporcionaren certas informacións indirectas sobre o estadio (socio)lingüístico e xeolectol do galego; eses datos minguan de modo notábel a súa relevancia cando comezan a aparecer obras absolutamente referenciais na fixación de topónimos, xa máis vinculadas á uniformidade administrativa, conforme sucedeu co dicionario de Pascual Madoz. A segunda idea, derivada da anterior, suxire a variación e conseguinte mudanza

xeolingüística no sentido de varios fenómenos dialectais iren perdendo vitalidade nalgúns territorios onde eran comúns hai douscentos anos, mais tamén no sentido de se manteren en determinadas rexións; este parece ser o caso da geadada, que, a se conservar en áreas occidentais xa desde o século XIX até ao noso tempo, tamén foi retrocedendo noutras zonas nese percurso cronolóxico. E a terceira idea ten que ver coas teorías sobre a orixe das dialectais aspirada laringal e fricativa velar no galego, xa que a presenza da geadada nos diferentes topónimos analizados, ao lado da geadada, parece servir como máis un apoio nada menor á tese castelanista para dar conta do seu aparecemento.

5. Referencias bibliográficas

- ACC = Instituto Nacional de Estadística (1985): *Anejo al Censo de Castilla de 1591. Vecindarios*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística.
- ALGa = Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. III. *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez, Rosario e Xosé Xove (2002): *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- Ares Vázquez, Nicandro (2013): *Estudos de toponimia galega*. 2 vols. A Coruña: Real Academia Galega.
- Barreiro de V[ázquez] V[arela], Bernardo (1885): *Brujos y astrólogos de la Inquisición en Galicia y el famoso Libro de San Cipriano*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012): “Galicia entre dúas revolucións (1789-1809). Pensamento e cultura”, en R. Mariño Paz (ed.), *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 19-48.
- Bascuas López, Edelmiro (2002). *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 51)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2012): “A gheada na onomástica (achegas á estandarización)”, *Estudos de Lingüística Galega* 4, pp. 151-168.
- Cabeza Quiles, Fernando (2014): *Toponimia celta de Galicia*. Noia: Toxosoutos.
- (2020): *Toponimia de Carballo*. A Coruña: Real Academia Galega.
- CAG = Boullón Agrelo, Ana Isabel e Xulio Sousa Fernández (dirs.) (2006-): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.es/cag/> [consulta: 19/08/2024].
- CFV = (1753): *Coto y Feligresia de Santa Christina dovisio*. Fotocopia do orixinal manuscrito.
- CG = (1988): *Bicentenario de Domingo Fontán Rodríguez (1788-1988). Cartografía de Galicia (1522-1900)*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional / Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo.
- Chambers, Jack K. e Peter Trudgill (1994): *La Dialectología*. Madrid: Visor.
- CODOLGA = Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (2023-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Versión 20, <http://corpus.cirp.gal/codolga> [consulta: 11/08/2024].
- Cotarelo Valledor, Armando (1927): “El castellano en Galicia (Notas y observaciones)”, *Boletín de la Real Academia Española* XIV pp. 82-136.
- CPCC = González, Tomás (ed.) (1829): *Censo de población de las provincias y partidos de la Corona de Castilla en el siglo XVI. Con varios apéndices para completar la del resto de la península en el mismo siglo, y formar juicio comparativo con la del anterior y siguiente, según resulta de los libros y registros que se custodian en el Real Archivo de Simancas*. Madrid: Imprenta Real.
- CTO = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (1980): *Toponimia, 1. Municipios de: Cambre, Malpica, Marín, Porriño, Porto do Son, Santa Comba, Sanxenxo, Tomiño, Vila de Cruces, Vilanova de Arousa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- DdD = Santamarina, Antón e Xavier Gómez Guinovart (coords.) (2006-): *Diccionario de Dicionarios*, <https://ilg.usc.gal/ddd/> [consulta: 04/08/2024].
- DELP = Machado, José Pedro (2003) [1952]: *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa. Com a mais Antiga Documentação Escrita e Conhecida de muitos dos Vocábulos Estudados*. Lisboa: Livros Horizonte.

- DGP = Souto Cabo, José António (ed.) (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII (Revista Galega de Filoloxía, Monografía 5)*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- DLE = *Diccionario de la Lengua Española*. Madrid: Real Academia Española de la Lengua, <https://dle.rae.es> [consulta: 06/08/2024].
- DN = Villarroel, José de (1810): *Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos, y prioratos de todo el reyno de Galicia. Con expresion de las provincias á que pertenecen, y caxas de correo por donde se dirige la correspondencia; á que se agrega una descripcion geográfica e historica del mismo reyno en general, y de todas sus ciudades, y pueblos principales en particular*. Santiago: Juan Francisco Montero.
- DRAG = González González, Manuel (dir.). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, <https://academia.gal/diccionario> [consulta: 05/08/2024].
- DS, 98 = *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*. Número 98. VI Lexislatura. Serie Pleno. Sesión Plenaria. 26 de febreiro de 2004, <https://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDiarioSesions/DP60098.PDF> [consulta: 05/08/2024].
- ENS = “Se hunde pangón con pescador y rede la Bahía de Ensenada”, 17/09/2024, en *Ensenada.net*, <https://www.ensenada.net/> [consulta: 26/09/2024].
- Espinault García, Bernardo (1775): *Dirección General de Cartas en Forma de Diccionario, para Escribir a todas las Ciudades, Villas, Aldéas, Monasterios, Conventos, Santuarios, Caserías, Ventas, Cortijos, Dehesas, sitios y parages, aunque se hallen en despoblado, de toda España, Islas adyacentes, y sus Indias Orientales, y Occidentales, incluso el Reyno de Portugal, para la mayor facilidad del Comercio, y Correspondencia pública de sus Naturales y Estrangeros; en la que se previenen los dias en que entran en esta Corte los Correos, y en los que salen de ella; Su dirección à las restantes Caxas del Reyno, con una noticia de las leguas que dista cada Caxa de Madrid, según el Reglamento de Postas, y los dias que se tardan en recibir las respuestas: como tambien de las Cortes, y principales Plazas de Comercio de Europa; y un mapa general de España, de nuevo método, por medio del qual con una ojeada se ven todas las carreras de Postas montadas, y sin montar, con explicacion de Decima y Licencia, y las leguas que hay de unas à otras en las varias carreras de esta Península, señaladas con estas rayas — — —, y las medias leguas con estos puntos... 2 vols. Madrid: Oficina de Pantaleon Aznar.*
- Fernández González, José Ramón (1981): *El habla de Ancares (León). Estudio fonético, morfosintáctico y léxico*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Fernández Neyra, José (1810): *Proezas de Galicia*. A Coruña: Vila.
- Fernández Rei, Francisco (2003) [1990]. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- (2004). “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presenza nos media e nos textos musicais”, en R. Álvarez Blanco, A. Santamarina Fernández e F. Fernández Rei, Francisco, *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. II, pp. 207-336
- Ferreiro, Manuel (1994): “Contribución á lexicografía histórica do galego: O vocabulario de Payzal”, *Cadernos de Lingua* 9, pp. 55-88.
- (1997): *Gramática Histórica Galega*. Vol. II. *Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Flórez, Henrique (ed.) (1765): *Viage de Ambrosio de Morales por orden del rey D. Phelipe II. a los reynos de Leon, y Galicia, y principado de Asturias. Para reconocer Las Reliquias de Santos, Sepulcros Reales, y Libros manuscritos de las Cathedrales, y Monesterios*. Madrid: Antonio Marin.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006) [1998]: *Gramática da Lingua Galega*. Vol. I. *Fonética e Fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón, Xosé Manuel Sánchez Rei e Goretta Sanmartín Rei (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- GAEL = *Gaelaico* (2017): https://www.facebook.com/Gaelaico?locale=es_ES [consulta: 02/08/2024].
- García Blanco-Cicerón, Jacobo (2006): *Viajeros angloparlantes por la Galicia de la segunda mitad del siglo XVIII*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- García Dini, Encarnación (2006): *Antología en defensa de la lengua y la literatura españolas (siglos XVI y XVII)*. Madrid: Cátedra.
- García Turnes, Beatriz (1999): “A situación do galego entre 1875 e 1916. Perspectiva sociolingüística”, en D. Kremer (ed.), *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Sada – A Coruña / Trier: Edicións do Castro / Publicacións do Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier, vol. II, pp. 799-815.

- GN = Real Academia Galega e Xunta de Galicia (2019-): *Proxecto Galicia Nomeada. Toponimia colaborativa*, <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio> [consulta: 02/08/2024].
- GNG = Boullón Agrelo, Ana Isabel (coord.): *Guía de nomes galegos*. A Coruña: Real Academia Galega, <https://academia.gal/nomes> [consulta: 02/08/2024].
- González-Cebrián Tello, José (2022) [1984]: *La ciudad a través de su plano. A Coruña*. A Coruña: Xaniño.
- Hermida, Carme (ed.) (1992): *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- HGP = Maia, Clarinda de Azevedo (1997) [1986]: *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno)*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian & Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica.
- ITGM = Martínez Lema, Paulo (coord.) (2008-2018): *Inventario toponímico da Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, <https://ilg.usc.gal/es/proxectos/inventario-toponimico-de-la-galicia-medieval-itgm> [consulta: 02/08/2024].
- Labrada, Lucas (1804): *Descripcion economica del Reyno de Galicia. Por la Junta de Gobierno del R.^l. Consulado de la Coruña*. Ferrol: Imprenta de Don Lorenzo José Riesgo Montero.
- Lapesa, Rafael (1968) [1962]: *Historia de la lengua española*. Madrid: Escelicer.
- Lema Suárez, Xosé María (2022): “Topónimos con historia do camiño de Santiago a Muxía”, en A. I. Boullón Agrelo e L. Mendez, Luz (eds.), *Os camiños de Santiago de Europa a Galicia. Lugares, nomes e patrimonio*. A Coruña. Real Academia Galega, pp. 175-212.
- López Boullón, Xosé Ramón (2019): *Toponimia de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega.
- LPG = Saco Cid, Juan Luis (ed.) (1987): *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos. Recogidos por D. Juan Antonio Saco Arce*. Ourense: Deputación Provincial.
- Madoz = Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid: Est. Literario-Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti [vols. 1-5] / Est. Tipográfico-Literario Universal [vols. 6-9] / Imprenta al Diccionario Geográfico, á cargo de José Rojas [vols. 10-11] / Imprenta del diccionario geográfico Estadístico-Histórico DE D. PASCUAL MADDOZ [vols. 12-16].
Dispoñíbel en: <https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=16877> [consulta: 02/08/2024].
- Mariño Paz, Ramón (1995): “Estudio introductorio”, en R. Mariño Paz, Ramón (ed.), *Fr. Martín Sarmiento, Coloquio de vintecatro galegos rústicos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 9-102.
- (1996): “Aproximación ó mapa dialectal galego dos séculos XVIII e XIX”, en R. Lorenzo Vázquez e R. Álvarez Blanco, *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 77-105.
- Marqués Valea, Xulia (2021): *Toponimia da Pontenova*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Martínez Lema, Paulo (2008): “Achegamento á antropotoponimia do concello de Vilalba (Lugo)”, en M. Brea, F. Fernández Rei e X. L. Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 155-162.
- (2010): “Aproximación lingüístico-etimolóxica á toponimia das comarcas de Xallas, Fisterra e Soneira”, *Revista de Filología Románica* 27, pp. 237-262.
- MAS = (2016): Consorcio de Santiago e Universidade de Santiago de Compostela (eds.), Cardenal Jerónimo del Hoyo, *Memorias delas Yglesias del archobispado de Sanctiago De quien presenta, paraellas y delos feligreses que cada una tiene, de su valor, y de las Sincuras Repartidas porlas desta Ciudad de Sanctiago y el deanazgo y arçedianatos de Nendos y Cornado Trastamara y Salnes con las de Cacabelos, Leon, y Castilla y las Vicarias de Alba y Aliste Carabajales y Alcañicas*. Reprodución facsimilada do manuscrito orixinal de 1607. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Universidade de Santiago de Compostela.
- Mirás, Francisco (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La creación y rendición. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*. Santiago: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2012): “A grafía do fonema prepalatal fricativo xordo en topónimos e apelidos galegos”, *Estudos de Lingüística Galega* 4, pp. 169-185.

- NG = Xunta de Galicia (s.d.). *Toponimia oficial e Nomenclátor de Galicia*, <https://www.xunta.gal/es/nomenclator> [consulta: 02/08/2024].
- NOMIG = Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2012) [1982]: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Paula Mellado, Francisco de (1999) [1850]: *Recuerdos de un viaje por Galicia en 1850*. A Coruña: Arenas.
- Penny, Ralph (1998) [1993]: *Gramática histórica del español*. Barcelona: Ariel.
- Pensado, José Luís (1974). *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia.
- (ed.) (1997a) [1970]: Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*. Edición facsimilada. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- (ed.) (1997b) [1975]: Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia (1745)*. Edición facsimilada. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- (ed.) (1999): Martín Sarmiento, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pensado, José Luís; Carmen Pensado Ruiz (1983): “Gueada” y “Geada” gallegas (*Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Anexo 21). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Peres Vigo, Alexandre (2023): *Do ódio à paródia. O estereótipo antigalego na literatura espanhola do século XVII*. Santiago de Compostela: Através.
- (2024): *Galaicofobia. O desprezo contra o pobo galego até os nosos días*. Vigo: Galaxia.
- Piel, Joseph-Maria (1989): *Estudos de Linguística Histórica Galego-Portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- Pousa Ortega, María Helena (2004): “A ditongación goianesa. Unha evolución particular do /ε/ tónico galego”, en R. Álvarez Blanco, A. Santamarina Fernández e F. Fernández Rei (eds.), *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. IV, 383-392.
- Rabanal, Manuel (1967): *Hablas hispánicas. Temas gallegos y leoneses*. Madrid: Alcalá.
- RAE = Real Academia Española (1815): *Ortografía de la lengua castellana compuesta por la Real Academia Española*. Valencia: Manuel Muñoz y Compañía.
- Rivas Quintas, Eligio (2015): *Diccionario etimológico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Tórculo Comunicación Gráfica.
- Robins, Robert Henry (1981): *Breve historia de la Lingüística*. Madrid: Paraninfo.
- Rozamontes Vázquez, María (1999): *Arteixo de onte a hoxe*. Vol. II. *Notas xeográficas, históricas, artísticas, lingüísticas, culturais e industriais sobre o concello de Arteixo*. Arteixo: Concello de Arteixo.
- Sacau Rodríguez, Gerardo (2000). *Os nomes da Ría de Vigo*. II. *Berbés. Oitavén-Verdugo*. Vigo: Instituto de Estudos Vigueses.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2005): “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía* 6, pp. 93-121.
- (2011): *Lingua galega e variación dialectal*. Ames: Laiovento.
- (2013): “Os nomes de lugar e a dialectoloxía. Algunhas consideracións sobre as variantes locais do galego e a súa atestación nos topónimos”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 40, pp. 389-414.
- (2017). “A toponimia galega no *Diccionario nomenclátor de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos, y prioratos de todo el Reyno de Galicia* (1810), de José de Villarreal”, *Terra e Tempo Dixital*, <https://www.terraetempo.gal/articulo/cultura/a-toponimia-galega-no-diccionario-nomenclator-de-las-ciudades-villas-aldeas-caserias-cotos-ventas-castillos-y-prioratos-de-todo-el-reyno-de-galicia-1810-de-jose-de-villarreal/2017051100000022373.html> [consulta: 02/08/2024].
- (2022) [2021]: *O portugués esquecido. O galego e os dialectos portugueses setentrionais*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2025). “Saco Arce e a dialectoloxía galega”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 52, pp. 1-37, <https://doi.org/10.15304/verba.52.9492>.
- Santamarina, Antón (1980): “Novas consideracións ó redor das orixes da geada”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 7, pp. 243-249.
- (1988): “Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega”, en D. Kremer (edf.), *Homenagem a Joseph Maria Piel por Ocasião do seu 85º Aniversário*. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 87-96.
- Santiago Gómez, José de (1896): *Historia de Vigo y su comarca*. Madrid: Imprensa y Litografía del Asilo de Huérfanos del Sagrado Corazón de Jesús.

- Schroten, Jan (1980): “Interpretación de la geadá gallega”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 7, pp. 209-222.
- SEG = Freixeiro Mato, Xosé Ramón (ed.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 7. *Os Séculos Escuros e a Ilustración Galega. Antoloxía*. A Coruña / Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / Promocións Culturais Galegas.
- SP = (1878) [1720]: *Eloquencia Gallega. Sermão Pregado por um Cura Gallego na Freguezia de Forcadella no Anno 1720 [da era vulgar]*. Forcadella: Typographia de J. Censura.
- Suárez Vázquez, Damián (2012): “Algunhas notas sobre vocabularios e outros traballos lingüísticos da época pregaleguista”, en R. Mariño Paz (ed.), *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 385-426.
- TCM = Cal Pardo, Enrique (ed.) (2006): *Tumbos de la Catedral de Mondoñedo. Tombo pechado. Transcripción íntegra de sus documentos*. Lugo: Deputación Provincial.
- TL = *Tratado de Limites entre Portugal e Espanha*. Artigos XI a XX, https://gl.wikisource.org/wiki/Tratado_de_Lisboa_de_1864/Artigos_XI_a_XX [consulta: 02/08/2024].
- Valladares Núñez, Marcial (1884): *Diccionario Gallego-Castellano*. Santiago de Compostela: Est. Tip. del Seminario Conciliar Central.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2010): “Os nomes do mar. Talasonimia na costa sur galega”, en X. Sousa Fernández (ed.), *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 309-326.
- Villarreal Pérez de Baños, Josef (1801): *Oración fúnebre que en las solemnes exequias que celebró la Familia por su difunto el Illmo. y Exmo D. Felipe Antonio Fernández de Vallejo, Arzobispo y Señor de Santiago dijo Josef de Villarreal Pérez de Baños*. Santiago de Compostela: Ignacio Aguayo.
- Villarreal, Joseph (1709): *Descripcion de la magnífica fabrica del colegio de San Cayetano de la ciudad de Salamanca, con la festiva celebracion del Santissimo Sacramento en su iglesia, que al ilustrissimo señor D. Francisco Calderón de la Barca, dignissimo obispo de Athenas tanta [sic], y gloriosissimo auctor de tanta maravilla consagra...* Salamanca: Imprenta Titular de esta Nobilissima Ciudad de Salamanca, por Eugenio Antonio García.
- VVAA = Calo Lourido, Francisco, Anselmo López Carreira, Francisco Carballo, Luís-Obelleiro e Bieito Alonso Fernández (1998): *Historia Xeral de Galicia*. Vigo: A Nosa Terra.
- Zamora Vicente, Alonso (1986): *Estudios de dialectología hispánica (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 25)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.